

Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte ngra-
(ra-
mañán... na vida e na
(mortel

R. CABANILLAS

A nosa terra

Ano XXX — Núm. 458

BÓS AIRES, DECEMBRO DE 1947

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 231.437

**PRINCIPIOS DO
GALEGUISMO**
1 - Galicia, unidade cul-
tura
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, comunidade
cooperativa
4 - Galicia, célula de uni-
versalidade's.

As Dúas Repúblicas

Alguén acaba de decir que os republicáns hespaños mataron dúas Repúblicas. A frase é demasiado dura e un tanto inxusta; pero non faltan razóns para decir que si non-as mataron, tampouco souperon defendel-as. E como en política os erros non son menos dañinos que os delitos, pode a nosa moral obrigarnos a defender a boa fé dos republicáns, pero de ningún modo nos obriga a ocultar a súa incapacidade política.

A frase condenatoria saíu do campo republicán, como unha expresión de carraxe, ao ver o pouco siso que veñen demostrando no eisilio os homes do 14 de abril de 1931. Pero quen pronunciou esa frase non debeu confundir os homes da primeira República cos da segunda, pois media entre eles unha enorme distancia.

A PRIMEIRA REPUBLICA

Cando os homes da revolución do 68 destronaron a Isabel II e buscaban un novo rei para Hespaña, dixo Prim que era moi dificultoso facer un rei, pero que máis dificultoso sería facer unha República "n-un país que non ten republicáns". E cando entraba en Madrid o novo rei, Amadeo de Savoia, en quen cifraban tantas esperanzas os amantes da liberdade, caíu Prim asesinado.

Sen Prim, aquel rei non pudo gobernar, e renunciou á coroa. Na súa renuncia decía que si o nemigo de Hespaña fose estranxeiro, él poñeríase ao fronte dos soldados para combato; pero que a desventura de Hespaña proviña do desorde que os propios hespaños perpetuaban, sen que fose posible atinar co remedio. "Lo he buscado ávidamente dentro de la ley — decía o demócrata Amadeo — y no lo he hallado. Fuera de la ley no ha de buscarlo quien ha prometido observarla".

A renuncia de Amadeo foi lida nas Cortes, e alí mesmo se proclamou a República, o día 11 de febreiro do 1873, dispós de ouvir a varios oradores. N-aquel intre falou Castelar e dixo: "Nadie ha matado la monarquía... Nadie trae la República: la traen las circunstancias". Con esto declarábase que a República viñera por derrubamento da monarquía, pero non pol-o esforzo dos republicáns.

Nin que decir ten que o advenimento pacífico do novo réxime produxo un orgullo dos republicáns hispanos, eisaltando a orixinalidade d-aquela revolución, única no mundo, pois si para fundar a democracia inglesa fora axusticiado Carlos I e para establecer a República francesa rubira ao cadarso Luis XVI, para fundar a República hespañola "cobrírase de froes o camiño por onde se retirou a monarquía".

Con tan enxoiro parto e a falsa seguridade que no ánimo de todos produxo, non tardaron en xurdir as discordias partidistas, as rebeldeas militares, os motíns populares, as intrigas dos grupos privilexiados, os egoísmos e ambicións de todos, i, en fin, o

desbaraxuste que fixera imposible a consolidación da monarquía democrática, ensoñada pol-os revolucionarios do 68. Hespaña presentouse, ante os ollos de Europa, como un país ingobernable, e cando se quixo cortar a indisciplina reinante, para afirmar a República, os mesmos republicáns tildaron de reaccionarios aos gobernantes. Entón o Goberno, por boca d-un Ministro, declarou que a República era forte, pero que eles eran endebles, "porque non se fortificarán n-unha gran loita para derrubaren a monarquía".

Escusado será insistir sobor dos erros cometidos por uns e por outros. O poder da República emanaba das Cortes, onde a tolería xeral tiña o seu asentado. Alí fora proclamada e alí mesmo morreu, o día 3 de xaneiro do 1874, sen máis resistencia que o xesto heroico do noso Eduardo Chao. Abandonou que Pavia entrase violentamente no recinto das Cortes para que a República deixara de existir.

A primeira República, pois, caíu porque non existía unha concencia popular republicana e porque os gobernantes preferiron que o poder se lle fose das mans antes de luxalas con sangue. Pero é preciso confesar que aqueles homes eran puros, honrados, abnegados, leales, ilus-

tres, e, a pesares dos erros que cometeron, deixaron tan grata memoria que os seus nomes serviron para soste o republicanismo en Hespaña. O mesmo Ruíz Zorrilla —un monárquico que se quedou sen aceptar a República— foi un puntal do republicanismo, e d-él son estas verbas: "La última de las vergüenzas para todos los revolucionarios de Septiembre, sería la restauración borbónica con sus errores y su impotencia".

A SEGUNDA REPUBLICA

Non é preciso que relembremos o día 14 de abril do 1931. O derradeiro monarca non rexía coa coroa, sentado n-un trono apodrecido e sen que ninguén tratase de amparalo. Pero a segunda República non veu por renuncia do rei, nin por tras-acordo das Cortes monárquicas; veu pol-a vontade do povo, ben manifestada n-unhas eleccións que tiveron o carácter de plebiscito. Existía, pois, en 1931, unha concencia popular anti-monárquica e unha opinión xeral favorable ao advenimento da República.

O tránsito pacífico do vello réxime ao novo, volveu a despertar un orgullo irracional, cáseque insultante para os povos que gañaron a liberdade a forza de sangue. Este orgullo produxo unha cega confianza nos elemen-

tos republicáns, como en 1873; e semellante orgullo sería lexítimo se os hespaños fosen prudentes no exercicio das liberdades, e si os gobernantes fosen cautelosos e non desprezaran as ensinanzas do primeiro ensaio de República. Pero nin houbo prudencia, nin cautela.

Existente, como se vé, unha certa semellanza entre a primeira República e a segunda: pol-as circunstancias pacíficas do advenimento, a ilusoria seguridade dos gobernantes improvisados e o derroche que se fixo das garantías cidadáns. Esta semellanza é xustamente o que serve para acusar de ineptitude aos gobernantes de 1931, porque incurridos nos mesmos erros que cometeran os homes do 1873, sentenciados por Curros Enríquez coa seguinte frase: "¡Que a Hestoria teña compasión d-aqueles gbernantes, que non eran malos, que indubidablemente creían acertar nos seus delirios!". Pero nós, os fillos de Curros, non podemos disculpar a inxenuidade dos homes da segunda República, porque non iñoraban os episodios da primeira.

Compre advertir que a semellanza d-entrambas Repúblicas é simplemente adxetiva, pois entre unha e outra media unha diferenza esencial. A primeira República naceu e morreu no salón de sesións do Congreso; pero a segunda foi proclamada pol-o povo, nas rúas e camiños de toda Hespaña, e soio pudo ser vencida pol-a forza, en loita desigual e pavorosa. Para matar a primeira República abondou que a soldadesca mandada pol-o xeneral Pavia entrase no Congreso e disolvese a reunión de Diputados; pero a segunda, a do 1931, era cousa do mesmo povo, non dos seus representantes en Cortes, e para vencela foi preciso que se sublevasen todolos fillos de Pavia, axudados por tropas estranxeiras, en contra do povo hispano. Para matar a República do 1931 foi preciso que o sangue do povo correse a regos e que aínda hoxe siga correndo, ao cabo de once anos e meio. Velahí a enorme distancia que vai da primeira República á segunda.

Agora ben: ¿Poden compararse os homes do 1931 cos do 1873? Non, por certo; e para probalo non hai máis que citar a Pi i Margall, Salmerón, Castelar, Figueras, Chao, Becerra, Orense e tantos outros nomes ilustres, que non teñen semellantes no elenco republicán dos nosos días.

Outra pregunta: ¿Corresponden os gobernantes da segunda República ao heroísmo, a lealdade e o sacrificio dos povos hispanos? Non, por certo; e para probalo non hai máis que ver a discordia que reina ao seu derredor, a pouca cordura con que proceden, as imprudencias que cometen, o descreto en que van caendo. Véxase, sobor de todo, cómo desvalorizaron a causa republicana e cómo posibilitan a restauración borbónica

En suma, pode afirmarse que os homes da primeira República eran moi superiores ao povo, en tanto que os da segunda resultaron moi inferiores.

ACLARACION FINAL

Acabamos de censurar aos republicáns específicos, amachembrados cos socialistas, ou mellor: aos ex-gobernantes da segunda República, que tiveron por eminencia gris a un político de gran talento para derrubar homes, institucións e gobernos; pero incapaz de construír nada perdurable. Esa eminencia gris chámase Indalecio Prieto.

De boa gana esqueceríamos os erros cometidos antes da guerra civil, se a dirección do republicanismo se mantivese no eisilio coa perseverancia e diñidade que as circunstancias requiren; pero hoxe vémolos degradados até o extremo de non cotizarse no mundo diplomático, onde a causa do povo hespañol sigue pesando gracias á contumacia dos falanxistas. O gran cacique da República, Indalecio Prieto, tamén sigue demoendo homes, institucións e gobernos, con axuda, implícita ou explícita, dos republicáns e socialistas, que celebran congresos de ratos para acordaren que soio él é capaz de poñerlle o cascabel ao gato. Así, non somentes é culpable Prieto da degradación que sofren no eisilio os homes do 1931, senón eses mesmos homes, incluso Negrín, que semella un raposo cansado.

Prieto no eisilio soio imitou a Lerroux, buscando os brazos de Gil Robles, con evidente cinismo e falla de perspicacia política. Si Prieto tivese nas súas mans a caída do ditador e o restablecemento da democracia en Hespaña, anque para elo fose preciso suprimir a representación legal da República no desterro, nós comprenderíamos os seus maquiavelismos, sin acompañalo; pero comprometer, xa non as institucións republicáns, senón a mesma República n-un xogo claudicante e inútil, eso nin Lerroux sería capaz de facelo.

Derrubar a representación legal da República para entenderse impunemente cos monárquicos, e logo resultar que os monárquicos non queren tratar cos republicáns desterrados, eso non acredita o talento de Prieto e degrada aos seus partidarios. Si no eisilio predomiñase o ideal republicán sobor dos parvos egoísmos persoais e de partido, e todos recoñecesen e apoiasen ao Goberno Giral, este sería o intre de enfrentar a continuidade do dereito constituído pol-a vontade do povo hespañol á contumacia da tiranía falanxista. Aínda para vender a República ao demo do inferno, se non houberse outra maneira de acabar coa ditadura, nunca sería cordo desacreditar as institucións que a representan lexítimamente no desterro, pois nunca se veu ningún negociante que desvalorice a mercancia que pensa levar ao mercado.

Nótese que aínda non falamos de traicións

O Feito Heroico de EDUARDO CHAO

"...Entón presenciámos un dos feitos máis grandes e consoladores que poden enaltecer a biografía d-un home: un d-eses feitos capaces, pol-a súa virtude sugestiva, de salvar unha sociedade menos trabudada que a nosa.

"Dominiando a confusión que reinaba na Cámara n-aqueles intres, Chao, sereno, frío, concentrado, pero con voz forte, con voz que pudo oírse terrible e ameazadora en todas as tribunas, erguéndose sobor do seu asentado, pronunciou estas memorables verbas, respondendo ao presidente do Congreso, que acababa de dar conta da orde enviada pol-o xeneral Pavia: "Lo que acaba de ocurrir es una cobardía miserable, digna de ejemplar castigo. Pido, pues, a la Cámara y al presidente del Poder Ejecutivo que se expidan inmediatamente dos decretos: uno colocándome fuera de la ley al general Pavia, sujetándolo a un Consejo de Guerra, y, si es necesario, desligando del deber de la obediencia al soldado, y otro concediendo una pensión a los que se inutilicen en la defensa de la legalidad".

"A Asamblea acolheu o-un nutrido aprauso esta nobre attitude: o ministro da Guerra, Sánchez Bregua, dispoñíase a estender o decreto de destitución; e como o Sr. Castelar, presidente do Goberno, indicase que él, que acababa de dimitir, non podía en modo algún autorizar aquel decreto, que espoñía a unha morte segura ao encarregado de ir a notificalo, Chao engadeu: "Reclamo para mí la gloria de afrontar ese peligro. Venga el decreto exonerando a ese rebelde, y yo le llevo".

"Estas verbas, ditas sin afectación nin alardes retóricos, como saídas do fondo da alma, fixeron pensar a todos nas condicións do home que as pronunciaba; as olladas fixéronse n-él; vellembrouse entón a súa hestoria de propaganda e sacrificio pol-a República, o seu carácter conciliador cos elementos afíns, a confianza que inspiraba aos radicais, en cuíñas loitas pol-a liberdade se había mesturado durante a Monarquía, e pensouse n-él para a presidencia do Poder Ejecutivo, coidando, eicáis fundadamente, que soio él podería encauzar as soltas paixóns e salvar o pavoroso conflito.

"Pero xa era tarde: a Cámara estaba bloqueada; n-os pasiños do Congreso soaba a primeira descarga da íbria soldadesca, que invadía o salón de sesións, cuxa mesa presidencial ía servir de pesebre aos escocadróns de Cabaleiría.

"Chao foi dos derradeiros en saír do Congreso...

CURROS ENRIQUEZ
(Do libro "Eduardo Chao")



Celebrouse a asamblea da ONU e tratouse a regañadentes o caso de Hespaña.

Ninguén esperaba, por máis optimista que fora, que a declaración sobor do réxime que alí domiña tivera a menor trascendencia.

Pero era de esperar que non retrocedera respecto á aprobada no ano pasado.

Xa que non había posibilidade de conquistar que se tomasen medidas económicas en contra de Franco, polo menos debía ser ratificada a posición derradeira.

Os Estados Unidos, encabezando un seitor intermeio entre a extrema dereita e a extrema esquerda, logrou que a condena- ción do feixismo hispano perdera a pouca enerxía que na apa- rición tiña a do ano derradeiro.

A gran democracia do norte pode gabarse do éxito alcanzado. Por ese vieiro vaille a gañar axiña a outra gran democracia: a democracia falanxista:

Por certo que o Sr. Albornoz, que se había perdido nos re- covecos da mentada orgaización internacional, foi atopado dur- mindo prácidamente nun diván.

Sen dúbida soñaba con D. Xosé Xiral, pensando nel cun moito de admiración en un pouco de vergonza, ao comparar a aituación dun e doutro no mesmo caso.

Como un exemplo e unha acusación, ergueríase diante da súa concencia a soma do bó republicán que tanto loitou na asam- breia da ONU do 46 para obter o trunfo que despóis foi tildado de fracaso pol-os que tan cobardemente o abandonaron.

¡En cántas concencias non se erguerá oxe acusadora a es- grevia figura de Xiral!

¿E o Sr. Prieto? ¿Qué foi deste inqueda socialista, que tanto barullo armou, para quedar logo mudo como unha esfínxe?

¡Ástema que non houbera sido sempre unha esfínxe. Se nun- ca hubiera tido lingua, moito lle sería deudora a República Hes- pañola.

Según romores, atópase de novo en México algo desenganado. As cousas non lle saíron tan ben como pensaba e o home, craro está, bóttalle a culpa aos demais, que non-o souperon com- prender.

¡Tarde o comprenderon! Eso foi o malo.

O caudillo atópase moi farruco. Non lle ten medo a naide e fusila sen dor, como nos seus bós tempos.

Quere cicáis darse ánemo, facendo cousas que asusten á xen- te que o combate.

Moito vai a ter que matar si é que pretende verse ceibe de nemigos.

Este é un caso de camisa de forza. Pero o que podía poñer- lla non ten ningún intrínseco en facelo; ao contrario, eisí lle convén para os seus plans.

A propósito, estrano grande produxo que o Papa pedira o perdón dos criminaes —no sentir do goberno falanxista— que foron axusticiados en Ocaña.

Non decimos estos porque pensemos que o representante de Cristo non deba ter sentimentos humanitarios; decímolo porque hai moito tempo que se veñen cometendo en Hespaña feitos que recraman a intervención das persoas que teñen autoridade para impoñer a paz nas almas, e nunca, até agora, se fixo a menor indicación por parte delas. ¿Qué haberá pasado?

Pero si estrano produxo o citado pedido de clemencia, non menos estranxa causou o rechazo rotundo, sen explicación nin- gunha, como un desprezo, ou un aito deliberado de decir: “non te metas onde non te chaman”.

¿Será isto o comenzo dunha ofensiva monárquica-clerical a favor de Don Xoan?

Non-o creemos. ¿Quén sabe o que hai nos baixos fondos da política vaticanista!

Celebrouse no Centro Galego un homaxe ao Mariscal Pardo de Cela, o héroe simbólico da liberdade de Galiza.

Contou con público entusiasta e de outa calidade, que acu- deu a rendir o seu tributo ao nobre galego que se repuxo aos Reis Católicos en defensa da súa Terra.

O presidente do Centro, Sr. Xosé Villamarín, pronunciou un- has elocuentes verbas adheríndose ao aito, no nome da Comi- sión Directiva.

Moito nos complace que tales mañifestacións se leven a cabo, e máis nun lugar que hastra agora estivo un pouco pecho para as cousas de senso ndiamente galeguista, como foi a que se reali- zou o 20 deste mes en honor do gran mártir galego.

Este é o bó vieiro, e nel atoparános coa cordialidade fraterna todo aquel que esté disposto a seguilo sen vacilacións nin retor- cimentos.

AS EXECUCIONS DE OCAÑA

A pesares de estar acostuma- dos á barbarie falanxista, o no- so espírito estremécese de espanto ao ler as noticias que dan conta do fusilamento de Agustín Zorúa e Lucas Nuño.

Con toda frialdade, sen lem- brarse de que estamos terminan- do o mes en que toda a cristian- dade celebra o nacemento do Home-Deus, que truxo ao mundo as verbas de paz e de amor que a todos nos convirten en irmáns, a nota oficial feixista anuncia o cumprimento da sentenza fatal.

O réxime franquista, brutal e despiadado, acaba de dar unha labazada cruel á humanidade. Homes de diferentes tendencias, de esquerda e de dereita, e de casi total-as nacións habían pe- dido clemencia para os condena- dos. Até o mesmo Papa fixera xestións por intermeio do seu nuncio en Madrid para que aque- les foran absoltos.

Todo foi inútil. A besta non se farta de sangue e quixo unha vegada máis satisfacer o seu ins- tinto selvático. Non houbo per- dón.

E velaí os muros da prisión de Ocaña coa mancha roxa que se- rá testimoño da monstruosidade dun réxime, amparado pol-as na- cións que ousan en chamárense democráticas.

¿Hastra cándo seguirá a tra- xedia... e a farsa?

O Movimento Galeguista no Brasil

EISALTACION DO SENTIMENTO NACIONAL E PATRIOTICO DOS NOSOS EMIGRADOS

Con cetro no Rio de Xaneiro, i-es- parexéndose ás cidades de San Pau- lo, Santos, Bahía, Pernambuco, Pará, Amazonas, etc. tense iniciado unha campaña encamiñada a despertar o sentimento da nacionalidade galega, que poña en aitividade aos nosos emi- grados de todo aquel grande país, e os leve a sumar os seus esforzos, dun xeito entusiasta i-eficiente, á grande empresa de reivindicación da Patria Galega, de afirmación dos seus outos valores históricos e de difusión da propia cultura; secundando así os tra- ballos que, con tan acesa fe e bon ei- sito, se veñen levando a cabo nas re- públicas do Plata, en Nova York e Cuba.

Unha mostra diste traballo, que busca trocar en puxo futurista as enerxías da raza, que fican asalaga- das baixo alivións de complexos e pre- xucios, cal fogo latexante que espera o sopro da chamada fraterna e cor- dial pra alcenderse en labarada crea- doira son isas follas curtas e sinxelas, mais que petan e firen no máis vivo da concencia patriótica galega, que voan de cidade en cidade, e de man en man, cal volvoretas da saudade que traen o recordo dos feitos inmorte- ntes, que son blasóns de nosa grande- za que foi e que perdura, e que teñen de ser soleira firme do noso por- vir.

Reproducimos a seguida algunhas disas follas que, nas grandes datas patrias levan aos emigrados galegos o mensaxe da Nación Galega. Elas

son boa proba de canto niste solto queda dito.

Irmão Galego:

No día 17 de decembro do ano de 1483 os reis de Castilha, por vingança e sede de dominio fize- ram decapitar na cidade de Mon- doçedo (Lugo) o Marechal Pe- dro Pardo de Cela.

Com éle morriam, nesas día, as liberdades galegas, de tal sorte que, daí por diante, a personali- dade de Galiza foi-se apagando até se converter na “borralhen- ta de Espanha”, como os caste- lhanos a chamam.

Nenhum galego deve esquecer esta data que é de luto para a nacionalidade galega, nem ésse ultraje que rebaixa o conceito do noso povo.

A lembrança dessa data deve servir para que todos nós, gale- gos, firmemos o propósito de re- conquistar para a nosa amada Terra a súa liberdade, porque com a liberdade lhe devolvere- mos súa grandeza pasada e o respeito que lhe é devido.

Honra a Pardo de Cela, mar- tir das nosas liberdades!

¡Viva Galiza Ceibe!

25 DE JULHO: SANTIAGO APOSTOLO - DIA DE GALICIA

Para escurecer o prestígio de Galicia, fez Castilla, do Santo, o patrão da España. Mas, na realidade, o que nele passou a venerar foi o espírito guerreiro tão do seu feitio — o Santiago mata mouros da batalha de Clavijo: não o humilde peregrino evangelizador, símbolo de paz e idealismo que um dia, segundo a lenda, levaram a enterrar em Compostela.

Este último Santiago, o apóstolo e não o guerreiro; é o que personifica Galicia: e por isso esta fé-lo seu patrão, e do 25 de julho, seu dia — o dia de Galicia.

Sirva-nos esta data, irmão ga- lego, para enviarmos em pensa- mento á nosa amada Terra, tão desprezada pelos estranhos, e ao seu Povo (nossos irmãos de lá), ainda não liberto das amarras que tolhem seus movimentos e das peias que entravam seu es- pírito, a nosa funda e irres- trita solidariedade.

¡Viva Galicia ceibe!

OS MARTIRES DE CARRAL

A Revolução Galega de 1846, deflagrada a 2 de abril pela guarnição militar de Lugo era afogada em sangue vinte dias mais tarde, quando, as tropas rebeladas, havendo atravessado a região galega, chegavam ás portas da Coruña.

Em efeito. No dia 26 desse mesmo mes foram covardemente fuzilados em Carral, SOLIS e seus companheiros, que assim pagavam o crime de haverem-se insurgido contra um poder cen- tral iníquo que havia suprimido de raiz o pouco que, a Galiza, restava de sua autonomia.

Estava fracassada a revolta, é certo, mas não morto o senti- mento nacional que a inspirara, o que subsistia indelevel, agora mais do que nunca, alimentado pelo sangue desses patriotas.

Honra, pois, aqueles heroicos mártires que há um século sa- crificaram suas vidas em aras da liberdade da nosa amada terra!

O Porco Adoece

por VERDUGUILLO

¿Deus nos colla confesados!
¿O porco está adoecido!
Todos andan asustados
véndoo tan enfurecido!

Matando sin compasión,
vai a Hespaña convertir
nun sombrero panteón.
¡Maravilloso porvir!

Con olímpica frseura,
non lle fai caso a ningún;
a sentencia lisa e pura
cúmplese nun santiamén.

Nin o Papa, con ser Papa,
pode conseguir perdón;
do garrote non se escapa
todo aquel que se lle opón.

¿Qué lle pasa ao gran marrano?
¿Perdeu cicáis a cachola?
¿Desprezar ao Vaticano!...
¿A cousa traquerá cola!

Día e noite no cortello
berra coma un condanado,
cal si tivera o perello
ou fora ao tallo levado.

Eu non sei nin me figuro
o que ten este animal.
¿Quén-o puxo en tal apuro?
¿Acaso unha pastoral?

Non lle agoiro moi bó fin
si é que segue ese camiño.
¡Enfrentar aos do latín!...
¡Vai dereito ao Samartíño!

Xa non será o salvador;
agora será Satán.
Desta vez non val tutor,
¡nin siquera o Tío Sam!

Cundo un barco vaise ao fondo,
deixano de presa as ratas.
Por eso a este porco hediondo
abandónano as beatas.

O Sr. García está que bota lume. ¿Qué lle sucede ao Sr. Gar- cía?

Para él nada anda ben na nosa coledividade, e afirma que é mester que “novos valores” substitúan aos “vellos” que a diri- xen.

Non-os opoñemos ao desexo do Sr. García, sempre que os “novos” sexan mellores que os “vellos”.

Polo demais, nin o anxeio del nin a aceptación nosa teñen gran influencia no asunto.

Quen ten que decir a súa derradeira verba é a propia co- lektividade, que xa conta con anos dabondo para poder camiñar sen axudas. Ela é a que elixe os seus dirixentes.

Pol-o tanto, nós non temos a culpa de que o Sr. García esté no “ostracismo”.

Os galeguistas nin lle queremos mal nin lle queremos ben ao Sr. García. Para nós é un de tantos que pol-o mundo andan, “sen pena nin gloria”, e que non-os alteira a dixestión.

Pode, pois, o Sr. García seguir despoticando contra nós e contra quen queira coa seguridade compta de que non-os va- mos a enoxar.

Este é o noso mensaxe, non tan famoso, certamente, como o outro do mesmo nome. Nin por quen-o manda, nin por quen-o recibe.

Por qué Somos Republicanos

Aparté de ser a monarquía unha forma anacrónica de Goberno, consideramos a república como o réxime máis axeitado ás nosas aspiracións; mellor dito, o único réxime que pode satisfacer os nosos máisimos anxeiros.

Os monarcas endexamais concederán ás diferentes nacionalidades españolas outra autonomía que non sexa a de bairar a mullera os gallegos, a sardana os cataláns e o zorrico os vascos.

Dende os Reis Católicos, cando escomezou a hexemonía de Castela, os povos peninsulares foron perdendo pouco a pouco as súas prerrogativas até ficar na unidade borbónica, copiada de Franca, que produxo o adormecimento nacional.

Os reis, que habían tido que someter pol-a forza aos que se negaban ao acatamento da súa vontade, necesitaron contar cun exército fidel para seguir mantendo o seu poder.

Eisí se foi centralizando todo para mellor dominar calquer intento de rebeldía que xurdira nos povos asoballados, i evitar a separación, como sucedeu co Portugal.

Deste xeito, a monarquía hespañoa foi adquirindo un ton ríxido, que non lle permitiu a elasticidade requerida para o desenrolo armónico das nacionalidades que a integraban.

O estancamento foi a consecuencia de tal política. E aínda que, á última hora, cando xa o mal non tiña cura, se lle quixera botar un remendo con leis descentralizadoras, como a das mancomunidades, non houbo maneira de impedir a catástrofe.

A monarquía había cumprido na Hespaña o seu ciclo histórico, e non podía xa subsistir, porque soio coa forza lle era posible

(TRADUCCION)

Aparte de ser la monarquía una forma anacrónica de gobierno, consideramos la república como el régimen más ajustado a nuestras aspiraciones; mejor dicho, el único régimen que puede satisfacer nuestros mayores anhelos.

Los monarcas jamás concederán a las diferentes nacionalidades españolas otra autonomía que no sea la de bailar la mullera los gallegos, la sardana los catalanes y el zorrico los vascos.

Desde los Reyes Católicos, cuando comenzó la hegemonía de Castilla, los pueblos peninsulares fueron perdiendo poco a poco sus prerrogativas hasta quedar en la unidad borbónica, copiada de Francia, que produjo el adormecimiento nacional.

Los reyes, que habían tenido que someter por la fuerza a los que se negaban al acatamiento de su voluntad, necesitaron contar con un ejército fiel para seguir manteniendo su poder.

Así se fué centralizando todo para mejor dominar cualquier intento de rebeldía, que surgiera en los pueblos aherrojados, y evitar la separación, como sucedió con Portugal.

De esta suerte, la monarquía española fué adquiriendo un tono rígido, que no le permitió la elasticidad necesaria para el desenvolvimiento armónico de las nacionalidades que la integraban.

El estancamiento, fué la consecuencia de tal política. Y aun

seguir imponiendo o seu ideal unitario e carecía de aquéla.

Xurdida a república, aínda que non fora federal, como debiera ser — por tradición e por comenencia—, espertáronse os sentimentos nazonalistas cunha forza incontenible.

Cataluña ergueuse con galaría e proclamouse autónoma, sen esperar á reunión das Cortes, que logo lle recoñeceron o seu dereito. Euzcadi celebrou o seu plebiscito e asimesmo Galicia, pidiendo tamén a súa autonomía.

Todo latexaba a impulsos dun rexurdir ancestral, de ideas longamente contidos e que entón desbordaban coa forza dunha marea que rompe todos os diques que se lle queren oponer.

Foi cando Calvo Sotelo, o caudillo das forzas reaccionarias, dixo con énfasis: "¡Prefiero una España roja a una España rota!"

Por eso estalou a revolta militar, empurrada pol-os cregos e os monárquicos. A acusación de comunistas á probe República do 31, foi simplemente un pretexto para derrubala.

O espírito monárquico, vencido nas famosas eleccións municipais que truxeron a República, renasceu e voltou de novo a apoderarse dos mandos, infiltrándose nos postos directivos para asesinar a única forma de goberno que pode dar á Hespaña a importancia que lle corresponde no concerto universal pol-a historia, a situación xeográfica e o valor dos seus fillos, permitindo, ao mesmo tempo, que os povos diferenciados que compoñen a Nación teñan o seu goberno propio.

Veleiquei por qué, nós, os nazonalistas gallegos, somos e seremos sempre republicáns.

que, a última hora, cuando ya el mal no tenía cura, se le quisiera echar un remiendo con leyes descentralizadoras, como la de las Mancomunidades, no hubo manera de impedir la catástrofe.

La monarquía había cumplido en España su ciclo histórico y no podía ya subsistir, porque sólo con la fuerza le era posible seguir imponiendo su ideal unitario, y carecía de aquélla.

Surgida la república, aunque no la federal, como debiera ser —por tradición y por conveniencia— se despertaron los sentimientos nacionalistas con una fuerza incontenible.

Cataluña se erguió con gallardía y se proclamó autónoma, sin esperar la reunión de las Cortes, que luego le reconocieron su derecho. Euzcadi celebró su plebiscito, como Galicia, pidiendo también su autonomía.

Todo latía a impulsos de un resurgimiento ancestral, de ideales largo tiempo contenidos y que entonces desbordaban con la fuerza de una marea que rompe todos los diques que se le quieren oponer.

Fué cuando Calvo Sotelo, el caudillo de las huestes reaccionarias, dijo con énfasis: "¡Prefiero una España roja a una España rota!"

Por eso estalló la revuelta militar, empujada por el clero y los monárquicos. La acusación de comunistas a la pobre República del 31, fué simplemente un

Sete Paisaxes Galegas e mais os Alicerces d'unha Teoría

I

"Ramo de flores semella

Muxía a das altas penas..."

asín dixo Rosalía da nau de pedra sempre pronta a bogar e sempre ancorada no peito penedento da Galiza. Tamén na novela "La hija del mar" fai Rosalía, á maneira de Hoffmann, de Juan Pablos —a reza ardente maneira, na súa idealidade, do romantismo do Norde—, unha versión de valor musical ás veces, dos coidos, cons e praias de Muxía. Pondal amábase como santuario dos cultos antigos i-cisaltazón da vontade apreixada no corpo natural da Nosa Terra, e soupo aloumiar ca rayola de sol de epitelos fermosos a beleza de Muxía. Como nos nosos días a ten celebrado outro sobre fillo das ribeiras do mar vagoento, Gonzalo López Abente, Agora, pechando os ollos á inquedanza de ensonos de levians azas que vai percorrendo o azul durmir do Atlántico ecuatorial, sentimos o balbordar das ondas, miramos a composición da paisaxe de Muxía. Poñémonos no capio da península ergueita na penedia do corpiño, alongada entre a boca da ría de Camariñas e o coído bravo. Do azul de Camariñas, do verdecente manto de pineirais que encrobe as formas dos vales e das encostas adiviñamos ben pouco. Son unha presenza de segundo termo. Mandan na orquestación os temas do roquedo e do mar: o Vilán, o cabo chamado Ougal pol-o Bardo, o zócalo de litoral penedoso esburacado con regularidade n'un sistema de furnas, da entrada da ría e coroadado pol-a sinxela ermida de Nosa Señora do Cadro; a praia aínda esgrevia sementada de duros aporamentos de pedra, e a volta da península brodada de penedos que gardan a forma da loita i-embate do mar, o coído apenas un escuro xermen de praia, o duro enguementamento e fera reviravolta da Buitra ca furada negra da Buserana. N'un segundo orde augas d'algunha cume do interior, míranse formas detremiñadas pol-a predominante erosión oceánica: lonxe, a proa do Roncudo sinalando a boca da badia de Laxe; por trais da Nosa Señora do Cadro, afianse, en fado de formas doentes e desternadas, os penedos de Traba ou da Pasarela. Ollados dende eiquí fan a gandideira ilusión de relevés alpinos. Ilusión enganosa máis que non deixa de ter a súa sinificación romántica. Quer dicir, o que enxergamos que hai unha banda litoral de formas, devalar e destino eistrano ó ser da terra labrega e verde do interior. Dende logo haber sido de grande valencia detre-

pretexto para derribarla.

El espíritu monárquico, vencido en las famosas elecciones que trajeron la República, renació y de nuevo volvió a apoderarse de los mandos, infiltrándose en los puestos directivos para asesinar la única forma de gobierno que puede dar a España la importancia que le corresponde en el concierto universal, por su historia, su situación geográfica y el valor de sus hijos, permitiendo, al mismo tiempo, que los pueblos diferenciados que componen la Nación tengan su gobierno propio.

He aquí por qué, nosotros, los nacionalistas gallegos, somos y seremos siempre republicanos.

miñar ben no contorno mariñán da Galiza o tipo e as variacións de iste roreiro ou cadabullo, faiza entre a terra e o mar, eido do vento, a penca, a onda, o sal, a arca. En tesis xeneral abrangue as chamadas "costas bravas", máis co iste término hai de ter coidado, pois as palabras son númeres podentes e perigosos con certa incénita tendencia a ironizar... Muxía queda así definida: pedra, vento, escuma, sargazo. Nin eido labrego, nin horta careña ziquera, nin trollo ou lama. Hai unha paridade e pureza n'ista roca de Muxía, no vento oceánico, na arca, fariña das pedras, maguiada e muída pol-o grande rodicio do mar.

Unha paisaxe ten de ser vivida no día e na noite. E tamén ó longo das saróns do ano. En Muxía adquirindo singular valencia os grandes e sinxelos elementos planetarios, non dín ren os mitos e tempos da campia. I-en troques a coor de chumbo, de esmeralda, de azules pupilas, do mar, o modo de crebar a onda asegún o vento, as fases do luar, o ceo da cada sazón atal relazoada cas marcas e a economía mariñeira, croban a mairande importancia. Fator esenzal e revelador, o balbordo das ondas. A língoa grega é a máis rica en termos e xiros espresivos do brudar difrente do mar asegún os tempos e as formas. Tuda isa riqueza do eólico e de Homero houberase gastado pra sinalar as variacións da temática eterna e decisiva do oceano en Muxía e a súa costa. ¿Cómo se fixo ista paisaxe? Estáse facendo cada día. D'un xeito enorme e sinxelo. Pol-a erosión podente do Atlántico sobre da pedra reza. Esculturar xigante e insomne, endexamais rematado. Sería preciso pra estudar ben ista paisaxe, teimar a crasificación das formas: furna, oroide, proa, sapo concho, cornisa barroca, decorada a cincel isócrono pol-as ondas, callau aínda groseiro, arca pouco penicada. Engadindo á acción do mar as do vento e do sal, en pouca latitude a da rexetazón e da historia humana, teríamos as forzas que loitan n'iste taller de formas sobr'a reza indefrenza da roca de grá, cerne valente, máis tamén diacalarado en grandes cistensións. O noso granito se non pode enxergar sin as diaculas obra cecís de mecánica orixinal, cecís do chover, do elemento doce e femenino que amolece co seu longo e adispazo acariñar. A singularidade de Muxía está na liberdade e perfección conquerida por as formas xenerales ó arco pídico, fistérico da costa galega. Neboentas, apenas esbozadas n'outros tramos de grande desenrolo de areais ou de litoral en soleira, no circo de Muxía trunfan e compoñen unha paisaxe de ritmo vivo, amolecido na aparencia por a grandiosidade da medida, con dominio dos factores cósmicos e un carácter histórico de arcaísmo tráxico e de un sentido trascendental do decorrer.

II

"E ó chegar ó Carballiño

eran as doce na lúa

e estaba morto o camiño..."

Moitas veces enxergando na noite o reflexar das luces do Carballiño nas nubens baixas da invernia, dende a miña fiestra de Trasalba, teño lembrado os versos de Lois Amado Carballo. Foi o chantre inspirado da beleza severa, outoniza e montesia da oután terra

do Paraño e de Dorón, cos seus arreconchegados vales d'un verdecer inocente e maravillado de ollos de pastoriña. Os lombos dos montes fixéronse pra que os treparan os dispazosos camiños pra n'eles enxergar rodopios de hourizontes. E os camiños das serras loubadas por Amado Carballo descenden e venen de Moraña e da Beiramur en procura da terra do Carballiño, de Cea, do Ribeiro da Avia e do Miño. O Carballiño disfruta d'us hourizonte calmo, harmoñoso e ricaz. E d'unha vivenza ó tempo enérxica e doce, a propia do ser do seu paisaxe. Nin a raxeira se fai bichornosa no cerno do mes de Santiago nin o toradón da neve fai decorrer rent'o chaó os fumes de Xanceiro. A gravidade da montana va graza do val, convíntanse ditosamente. Faldra en longo espallamento da sera Madanela e do ergucito Irico, e cubecira dos ribeiros do Avia. Consultade o romor do Arceiteiro. Non é a frase nova e verde de rapás criado nas montañas de Oseira, brancas de xestas e invernos nin a parra louca e vendimeira ou o regosto palaciano do Ribeira; é o maino romor do río de Lameiras e milleirales da bocarribeira. Isa zona de outitude, iso devecer da montana en mainas terras encostadas, amigas do sol da serán e dos mamosos coidados labregos que forman unha das glorias e tesouros de Galicia. Pais o Carballiño é típicamente vila da bocarribeira —ou de beiro de encosta— como A Estrada, A Caniza, Trives, Silceda... Na composición do hourizonte carballinés, as serras xurden eiquí e acolá, rexas e ledas unidas, entr'a unanimidade do muncial mesto. Loce moito o Paraño e o Suido rumos do oucidente, a terras dos montes que manxan o sol cada serán; a Martiñá guiando pr'o Norde, e pol-o aire nascente e sul, as ondecadas terras chairntes que atestan co val do Miño e son azucadas por o val bambantiñán e o val do Avia. A paisaxe carballinésa tácese por a combinación dos aspectos sarociros de grande valor en geóricas de millos e centeos, de lameiros e arboredas antigas decorrendo sobre o tema dos pinales que envolven ornamentan e dan unha fórmula de permanenza relativa. A presenza da historia e do traballo do home é custante e podente. O galego amóstrase como afezoado á meia outura, precisa hourizonte, liberdade e grandeza de monte e encosta pras abenzas pro enxamais lonxe da casa e da aldeia. Sería importante sinalar ben con datos estadísticos a proporción do val e da bocarribeira no tocantes á poboazón.

No carballiño chegan a unha ditosa harmuña de composición os elementos da montana cos da ribeira mizal. Elo adevirtese mellor ceives no inverno. O sol brillante anima a beleza manñanceira e cristaiña; os carballos cerqueiros locen as mortas e orgolosas follateiras; os camiños son canles de vida e canción n'ista terra madrugueira e de negorio, en que os labregos —e non digamos os das vilas— saben "beilar a peseta". Na mesma paisaxe pódese estudar o elemento económico, a actualidade do diñeiro e do espírito comercial. Como vila e coma paisaxe o Carballiño pra nós sinifica o clasicismo na paisaxe de interferenzas da bocarribeira galega do interior.

RAMON OTERO PEDRAYO

Agasallo Cordia

A Irmandade Galega de Bós Aires, sempre cordial e xenerosa con todos aqueles que enoutecen o nome de Galiza, orgaizou un xantar en honor do distinto irmán Avelino Díaz, pra premiar a súa laboura patriótica e galeguista, que culmiñou coa publicación de dous libros de versos: "Flor de Retama", en castelán; e "Debezos", na nosa lingua.

O día 20 do corrente, ás 22 horas, celebrouse o aito no restaurante Marconi. Concorreu a él o máis representativo da nosa coledividade, que dese xeito testimoñou o aprezo que sinte pol-o vello loitador agasallado.

Recibíronse ademais numerosas adhesións, que amigos e adi miradores, imposibilitados de asistir á demostración, enviaron con verbas de afeito.

O homaxe foi ofrecido pol-o Sr. Manuel Puente, presidente da Irmandade, e pol-o doctor Rey Baltar —cuos discursos publicamos a continuación—, falando despóis o presidente do Consello de Galiza, o noso Castela, que nunha brillante improvisación fixo o eloxio do poeta homenaxeado.

Este, nun emotivo discurso, que ao final insertamos, agradeceu o agasallo e as manifestacións de agarimo, que con tanta cordialidade lle foron eispresadas.

DISCURSO DO Sr. MANOEL PUENTE

Señoras, señores:

Irmandade Galega, como en outras oportunidades, congrega hoxe aquí, ao redor d-esta mesa fraternal, a seus aderentes e a seus amigos, pra homenaxear a un poeta de vigoroso número, a un galeguista insobornable e a un amigo cordial, que estos son os rasgos máis acusados do perfil espiritual de Avelino Díaz.

Sendo unha norma de Irmandade Galega —norma e principio—, estimular i-exaltar os valores de nosa terra; os homes e a suas creacións, non podía ficar a o marxen d-este acontecemento feliz, de que un dos seus militantes máis xurdiados e destacados, publicara un par de libros de manífica poesía, sin celebrá-lo coa satisfacción moral e a categoría espiritual a que tal feito é acreedor.

Avelino Díaz, é un de tantos emigrantes que chega a estas praias, adolescente aínda, cheo de ilusións, e consegue, gracias a súa contracción ao traballo, a súa honradez e intelixencia, destacarse en postos de outa responsabilidade en poderosas empresas industriais. Crea un fogar feliz e honorable; e, isto, que xa é moito e louvable, houbera satisfeito a moitos, sin as inquedanzas e a sensibilidade artística do noso irmán Díaz. Pero él, dono d-unha gran riqueza interior, esta sensibilidade i-estas inquedanzas de artista, convertírono n-un lírico de clara e fresca inspiración e de ricos matices espirituales. A sua obra de poeta, atopábase espallada en múltiples publicacións galegas e argentinas. Parte d-esta fecunda e valiosa creación poética, recóllea agora, n-esas finas cráteras líricas, que son "Flor de Retama" e "Debezos". Pero, aparte esta enxundiosa labor de poeta, Díaz ten outra faceta, ben tallada, de militante da nosa coledividade: a de periodista. Avelino, ao pouco tempo de chegar ao país, sentiuse atraído pol-as loitas coledivas, e ingresou, fai d-esto 25 anos, n-unha entidade de carácter rexional. Meses despóis, ingresou na benemérita Federación de Sociedades Galegas, forza de onde saliron ben templados, rexeos e ativos dirixentes; e escola onde formaron a sua cultura e modelaron o seu espírito, excelentes periodistas, poetas e oradores.

tas, poetas e oradores.

A labor de Avelino Díaz, circunscribouse, case sempre, ao periodismo. No vello e glorioso "Despertar Galego", que tantas lembranzas trae a nosa memoria, envoltas n-un cendal de saudade, fixo as primeiras escaramuzas periodísticas; formou parte das súas comisións de prensa, con lixeiras intermitencias; pronunciou conferencias, e hoxe dirixe o semanario GALICIA, intrépido voceiro da mesma Federación, que é, ademais, o órgano de máis difusión e máis antigo que ten a a Galicia emigrada. É un periodista informado, de estilo sinxelo e de poucos arrequives; pero claro, dereito, agudo i-eficaz. Enrolado no movemento galeguista, foi sempre, soldado ou xefe, un elemento abnegado e disciplinado, disposto a os maiores sacrificios pol-a causa. Eis aquí, en rápido esbozo, a contextura moral e intelectual d-este celebrado poeta.

Non me corresponde a min falar dos valores literarios da súa obra. O doctor Rey Baltar, que me seguirá n-ó uso da verba, ten a seu c-árrago o xuízo crítico e a súa apreciación valorativa. As miñas poucas verbas v-ánse a referir ao problema cultural galego, e ao seu planteo na nosa coledividade.


Señores: Nós, os galegos, formamos un povo de perfil orizinal, diferenciado. Temos rasgos étnicos e caracteres espirituales propios. Temos unha historia, unha terra, e unha cultura nosas: Somos unha nación. ¡Pero, qué é unha Nación? Renan, ten unha definición que alcanzou unha estraordinaria fortuna, i-é ésta: Ter glorias comúns no pasado, unha vontade común no presente; haber feito xuntos grandes cousas, e querer facer máis; eis aquí, as condicións esenciales pra ser un povo... No pasado, unha herencia de glorias e remordimentos; no porvir un mesmo programa que realizar. A eistencia d-unha nación é un plebiscito cotidiano. O éxito d-esta definición está no estribillo final: ¡A eistencia d-unha nación é un plebiscito cotidiano! Sangre, lengua, historia, cultura común, son principios estáticos, rixidos, inertes: son prixiões, di Ortega y Gasset. A Nación como excelente programa pra mañá. Non pode estar atrás de nós, senon diante de nós: no porvir. Un plebiscito é unha reunión de persoas con vontade de facer algo: Votar unha ley; guerrear en defensa da terra; construír alguna obra gigantesca; honrar a un héroe; laurear a un poeta... N-este intre, estamos facendo un plebiscito: xuntámonos pra homenaxear a un escritor amigo. En realidade, si aceptamos a definición de Renan, nós, os galegos, temos que facer moitos plebiscitos. Despozada a sentença do ilustre pensador francés, dos maníficos arrequives retóricos con que a engalanou, quedaría reducida a estas comúns e sinxelas verbas: "Non hay que durmirse nos loureiros". Nos temos unha cultura, un idioma, unha

historia común, etc.; pero corre peligrado de quedarse estancada, e até desaparecer pra sempre. Nós, os galegos emigrados, que formamos parte, claro está, da nación galega, estamos na obriga ineludible de "facermos grandes cousas", a prol do noso povo.

Todos sabedes por qué circunstancias políticas pasa hoxe a nosa terra, sometida a unha brutal e sanguinosa dictadura. Non pasa día, sin que os tribunales militares, con unha crueldade que arrepía, non metan nas ergástulas a centos de nosos irmáns; e non transcurre semana, que non se

acionada, aos vossos beizos! É imprescindible estimular a os músicos, a fin de crear un arte musical culto, sobre a nosa maravillosa canteira musical popular. É de imperiosa necesidade, realizar exposicións de artes plásticas, con premios estimulantes, pra crear un arte pictórico galego; así como xa o hay escultórico e arquitectónico.

Eu sueño con ver aquí, en Bós Aires, unha exposición co as creacións da nosa artesanía e da nosa industria; ver expostos os nosos valores en pintura, escultura e arquitectura, e a



Avelino Díaz, agradecendo o agasallo

levante a iétrica forza, onde se esgana a frol dos nosos xóvenes, que non cometen máis delito que loitar pol-a liberación da nosa patria. N-un país sin liberdade, non pode facerse cultura. porque, liberdade e cultura, son sinónimos. E mentras un vento de liberdade non limpe o ceo da osa terra, dos negros nubarrons que a oscurecen, nós, os emigrados, temos que traballar pol-a súa cultura e a súa grandeza, facendo constantemente plebiscitos, onde se xungan vontades pra facer —repetindo a Renan— "grandes cousas", se non queremos perder a nosa nación, e o noble e o outo legado histórico e cultural que ela encerra.

A coledividade galega da Argentina, é numerosa, traballadora e rica. Esta riqueza, arrequentouse nos derradeiros anos. Ten capacidade creadora e potencialidade económica. Está, pois, en excelentes condicións de laborar pol-a nosa cultura auténtica, que non se debe confundir, en ningún intre, coa a castelán.

Columbrase, d-un tempo a esta parte, un noble afán de facer algo pol-a nosa cultura, entre as entidades nosas. Algunhas persoas, independentemente, ouréntanse, también, n-este senso. E dirixentes conscentes, veñen creando un clima propicio pra sementar, con esperanza de recoller óptimos froitos.

É mester crear premios pra fomentar a nosa literatura, orfa de todo estímulo; e, entre paréntesis, formullo esta pregunta: ¡Cánto non daríamos todos nós, por ter un novo Curros, una nova Rosalía, e un novo Ponal? ¡Poñeda a mán no corazón, e a resposta, afirmativa, surxirá emo-

nosa produción literaria e musical. Imaginádebos a nosa ledicia, se un día tuvéramol-a dicha de ver un concurso d-esta natureza! E isto, podemos facelo, debemos facelo! As nosas institucións, mancomunadas, poden darnos esta fonda satisfacción patriótica, que nos reportaria un enorme prestixio cultural i-espiritual; e, quizáis, moi apreciábles ventaxas de orden crematístico pra nosa Terra... Temos que editar libros fundamentais da nosa cultura. Unha boa historia de Galicia; pois, as que se editaron xa están esgotadas, e ademais, adoecen de sensíbles fallas de orden científico; hay que editar un diccionario completo; hay que reeditar a gramática da nosa lingua; hay un sinfín de cousas que facer; e, todo isto, pode ser feito, ou patrocinado, pol-o menos, pol-as institucións da nosa coledividade, e por particulares acaudalados, que teñen unha boa oportunidade, pra demostrar a súa xenerosidade e o seu mecenazgo. Eu non podoo menos de facerme eco, aquí, da admiráble "suxerencia" que a Xunta Executiva da Federación de Sociedades Galegas, lle fixo, fai poucas semanas, as Sociedades que integran a mesma. Suxerencia certa a favor da nosa cultura, tanto nos propósitos que a guían, como nos sólidos fundamentos en que está basada. De desear é, que ela encontre eco favorable no seo das nosas Sociedades.

Señores: Temos que reunirnos moitas veces en plebiscitos como éste, pra premiar, aunque sexa moralmente, aos que traballan pol-a nosa cultura e a enriquecen con fermosos libros, como o noso Avelino; temos que tra-

ballar pol-a grandeza da Nación galega, se non queremos que ela se estanque e se poña inerte, rixida. A nosa coledividade, fixo pouco, moi pouco, n-este senso; e si se compara coa de Cuba, está en vergoñenta desventaxa. E, agora, non pode alegar probeza e incapacidade. Non esquezcamos, endexamáis, a sentença de Renan: A eistencia d-unha Nación é un plebiscito cotidiano. Xuntémonos todos, pra facer algo todos os días, pol-a nosa cultura.

Irmán Díaz, amigo poeta: En nome do galeguismo da Argentina, ofrézcoche este cáldo homaxe de recoñecemento e de estímulo, e saúdote coa frase de ritual: ¡A NOSA TERRA É NOSA!

VERBAS DO Dr. REY BALTAR

Donas, Irmáns:

Vimos eiquí a rendir homaxe a un poeta. Verdadeiramente, nos tempos que corren trátase dun acontecemento un pouco inusitado. No século atómico, cando todo se move a impulsos dun materialismo total; cando por doqueira predomina a mentira, o egoísmo e a inxustiza; cando tan soio trunfan os ousados sen escrupos; cando un vento de loucura ameaza destruír unha civilización milenaria, agasallar a un home que leva

"na frente unha estrela, no bico un cantar".

debe de parecer á maoría das xentes como algo que sucedera noutro planeta.

Quizáis este mal foi propio de total-as épocas. Dende os tempos máis anterros os poetas i en xeral os que sentían bulir no seu espírito anceios de beleza, de perfeición, foron sempre considerados como probes tolos soñadores, que perdían lastimosamente o tempo. Eisi, mentras os homes prácticos facíanse millonarios, os ilusos morrían de fame. Esto, desgraciadamente, é verdade.

Non embargantes a satisfacción que eisperimenta o creador ao contemplar a sua obra non se paga con diñeiro.

"Non me deas diñeiro pol-o que che dou; non pertendo cartos, aunque probe son"...

dí o poeta, e agrega:

"Cando versos fugo son traballador, mais non por diñeiro nin salario son. Se fora por eso tería profesión de crego, esquirbano, milite ou ladrón"...

A muxica diviña que brinca no espírito do artista —músico, pintor ou poeta— e que se plasma nunha sinfonía, nun cadro ou nun poema, val máis, moito máis que o ouro. Aquel que ten áas para voar por un ceo de maravilla, é ditoso e rico. Soio percisa un pouco de sol, como Dióxenes. Exemplar é o apólogo do home feliz, que non tiña camisa.

Os bens materiaes deben ser apreciados na xusta medida, pero a eles endexamáis se debe sacrificar o tesouro do espírito, que está por enriba de todo. E a única maneira de que a riqueza sexa perdoada, é de se empregue, pol-o menos en parte, en obras que beneficien á humanidade.



O Dr. Rey Baltar, eisaltando a laboura do poeta agasallado

La Avelino Díaz

Pol-o demás, o poeta non ten a culpa de ser como é. Naceu poeta como se nace preto ou loiro. ¿Deixará de cantar o páxaro? O poeta, doado dunha purxante vida interior, sente a necesidade de espallala, de facer partícipes dela aos seus semellantes, con quen goza e sofre. N-él priva o sentimento altruista, e regala a beleza que xurde no seu peito. Non-a quere para si soio; desexa que todos disfruten do don con que o dotou a natureza. Como afirma Guyau, o fundamento do arte é a expansión da vida. Por eso o arte é eminentemente social. O artista, inconscientemente, arrastrado pol-a forza que mana da intimidade do seu ser, doase a todos por enteiro, aneia infundir a súa ialma na ialma da comunidade. Como un deus xeneroso que se prodiga, leva a todol-os corazóns a dádiva que os fará estremecer de ledicia ou de tristura, despertando n-éles os grandes ideaes pol-os que a vida é tolerabel. ¡Probe do mundo si non existiran os tolos soñadores que o alumean! ¡Benditos sexan porque nos achegan á diviñidade!

Avelino Díaz é un deles. O seu espírito sente as inquedanzas dos que teñen dentro de si un aneio de superación. Ferve n-él o espírito demoníaco de que fala Zweig e a semellanza de Deus, sente pulos de crear, infundíndolle a vida aos seres que rebulen na súa ialma. E traballa, e loita, e vai lle dando forma ao seu mundo de fantasía cunha constancia, un amor e unha fe que fan milagres.

Cando saeu de Meira, sendo aínda un rapaz, os seus ollos acesos soio levaban a imaxe da imponente serra, onde nace

"O gurgullante e craro río Miño".

Ante riscos e penedos, o seu corpo empapouse de sol, de vento e de neve e o seu espírito adiquireu o templo do granito das súas montañas. Sentíase con forzas para conquistar o mundo. E foise, como todol-os emigrantes, en procura da felicidade.

Andivo por estas terras. Traballou con afinco, mais non se fixo rico. Voltou á Patria. Pero xa non podía ter acougo. O que habían mirado os seus ollos formigáballe no espírito, e voltou a saír con máis esperanzas que nunca. Desta vez foi a Cuba, de onde, ao pouco tempo, regresou á Arxentina.

Pero Avelino Díaz non tiña formento de millonario. O demo que levan no corpo os poetas non-o deixaba en paz. A todas horas, en todol-os intres tentábao con verbas de mel e prometíalle paradisos de ensoño. Avelino foi déble. As noites que percisaba para o descanso adicábao á lectura. Lía e lía sen repouso. Quería recuperar o tempo malgastado e suplir as deficiencias dunha instrucción cativa. Unha mala escola de aldea non lle había podido doar o que necesitaba para traducir en verbas as imaxes que bulían no seu espírito. Foi un verdadeiro autodidacta, que con férrea vontade logrou vencer as dificultades debidas á falla de coñecementos.

I-éste é sen dúbida, o grandei-

ro mérito de Avelino Díaz. Namentras outros buscaban as riquezas da terra, él buscaba as do ceo; él vivía no seu mundo ideal, traballando, afindo a ferramenta con que había de reaiñar o seu meirante aneio: ser un dos tolos que fan honra á humanidade.

Os seus versos, pleos de emoción; a súa laboura patriótica, galeguista, desenrolada ao través de longos anos en socieda-

Seguir o meu vieiro drectamente, sin que me ceguen outos esprendores e, somentes no altar dos meus amores axionllarme, calado e reverente.

Vivindo en homíldosa sinxeleza, quero que meu espírito se conforte, fuzindo da maldade e da baixeza.

I-o finar o camiño, quero a sorte de me acoller ó seo da Natureza sin que aleda a ninguén a miña Imorte".

Cen veces que Avelino tivera



Castelao, dirixindo agarimosas i emotivas verbas a Avelino Díaz

des e periódicos da nosa colei-vidade; todo o que Avelino Díaz fixo por enoutecer o nome de Galiza, sempre que tivo ocasión para elo, e aínda con esquecemento da propia comenencia, está ben grabado na mente dos galegos de Bós Aires.

Elevados pensamentos, conduta intachabel, sinxeleza e bondade son os adornos desta rexa figura, que se ergue lanzal, como un pino antre as penas da súa nativa serra, que con tanto agarimo relembra:

"O brancor da neve albeira, como a volvoreta tola atraíme á serra de Meira. Miña fortuna soñada sería ter unha chouza xunto da "Pena Gallada".

Agora, cando a neve da serra escomenza a caer nos seus cabelos, quizáis unha sorrisa de amargura asome aos seus beizos; pero eu teño a seguridade que o seu corazón latexará de orgullo ao pensar que o seu deseio, puro como unha pingueira de orballo, quedou prenamente cumprido:

"Quero vivir a vida dimamente, como viven os seres superiores, sin dobregarme diante dos señores nin ter orgullo coa homílda xente.

que recomenzar a súa vida, cen veces tornaría a seguir o "seu vieiro". O elexido dos deuses non cambiará o seu destiño griorioso por todol-os cantos dunha Circe vulgar. Ceibe preferirá morrer que vivir en dourada xaula, escravo de prexucios e comenencias, que tollen a liberdade, o máis preciado ben do ser humán.

"Ceibe vivín na miña xuventude i-afeito á liberdade, non sei ren de vivir sendo escravo, nin se avén meu espírito a vivir na escravitude"...

Eisí é o Avelino Díaz, eisí é o home en cuio honor se celebra esta demostración, que eu, no nome da Irmandade Galega de Bós Aires, teño o agrado de lle ofrecer.

¡Qué unha boa fada o colme de ventura!

AGRADECE AVELINO DIAZ

¡Ben queridos irmáns i-amigos! Debía haber un linguaxe especial pra empregar en ocasiós como esta, pra que as persoas agasalladas poidesen decir o que realmente sinten nos intres como este en que eu me atopo. Pro, non-o hai, pol-o menos pra min, ianque seia na lingua mais fermosa, que é a que estou empregando, teño que botar man das verbas de costume pra eixpresarvos o meu sentimento que, sendo o fraterno de sempre, n-es-

ta ocasión ten mais forceia i-está mais preto de vós, pol-a gratitude que todo home que se precie de algo debe amostar ós que lle renden o tesouro d-unha verdadeira amizade, como é a vosa pra connmigo n-esta ocasión, e como foi sempre.

Agradezo á Irmandade Galega, ós seus dinisimos dirixentes i-a todos os afillados que con este aito me fan un honor de tan outa manitude. Agradezo as verbas fraternas e nobres do irmán presidente, Don Manuel Puente a cuio corazón xeneroso debo os concetos que me honran, e que acaba de eixpresar. Igualmente ó Doutor Ramón Rey Baltar que sobor de eixpresarse coa súa crásica nobreza, aínda engadiu eloxios que eu quizabes non merezo e, que a súa xenerosidade pra connmigo, mais que os meus meritos, le diton.

Agradezo a presenza dos membros do Consello de Galicia.

Agradezo ós irmáns que se tomaron o inxente traballo de orgaizar esta demostración i-ás persoas que, d-un xeito ou d-outro axudaron: agradezo ás demais institucións que prestaron a súa adhesión a este agasallo, así como ós seus representantes aquí, a todas as entidades galegas sin eixcepción i-á toda a coleiividade que emocionadamente, sinto representada aquí por vosoutros. Sinto fonda gratitude pr-ó irmán Castelao pol-as suas verbas garimosas que me adicou. Agradezo a persencia de este manífico conxunto de donas que con a súa beleza i-encanto, dan mais gracia a este aito i-agradezo a todos vós, os que viñestes, xa fose por unha simpatía que eu tivese a sorte de despertar en vosoutros, xa fose por calquera outra das circunstancias que se acostuman a dar en casos como este, pol-as razóns que todos ben coñecemos.

O meu agradecemento é sinxelo, desprovisto de esa retórica que eu non sei empregar e que, anque soupera, non empregaría; o meu agradecemento é fondamente sentido, tanto é sentido por min que somentes así lle pode dar o verdadeiro significado que lle dou. Ben sabedes que, se eu teño defectos, non teño o da hipocresía, e non me perdoaría a min mesmo se o tivera, porque sei que vós sodes dinos da sinceridade e, todo home que se estime, debe ser sinxeiro con aqueles que o merecen.

Muito mais teño que agradecer a todos aínda; á coleiividade que foi a miña escola, ós homes que, d-endo meu humilde escomezo de autuación, me axudaron, ós que me deron a verba amiga pra seguir adiante, ós que foron meus maestros. Quixera citar nomes, pro, teño medo de ser inxusto con algún que se me puideran esquecer n-este intre; tamen quixera citar ás institucións que acolleron benevolamente a miña modesta obra e lle deron difusión nos seus órganos de publicidade i-en fin, coido que non hai ninguén, institución ou persoas, na coleiividade, que non mereza a miña gratitude, incurso aquelas que me fixeron ouxeto de algunha crítica, porque algo me ensiñaron con ela. Baixo este aspecto, todos vós, toda á colei-vidade, sodes merecentes, tanto como eu, d-este homáxe, porque todos puñestes algo no feito inicial que

o motivou. E permitideme que traiga tamen a este aito un íntimo agradecemento pra unha persoa anónima a quen eu lle debo muito; é a miña dona que, sin ser galega, se amostrou sempre comprensiva e tolerante connmigo, esquecendose de si mesma e dándome azos pra que siga traballando e pra que sirva a Galicia con amor e fe, poñendo da súa parte canto lle é posibel pra que eu poida cumprir as miñas obrigas coa colei-vidade e coa patria. Xúrovos que, se non fose por ela, eu non tería un mal peso pra publicar un libro.


En fin; eu debo algo a todos e non me parece xusto esquecer o nin recoller pra min toda esta vosa bondade que (repito) quizabes non merezo. Pro, recollo, sí, este homáxe e despois de facel-o voar simbolicamente con devota unción deic-á patria galega, en testimoño d-amor a ela, ofréndovolo a todos vós i-á todol-os galegos ben nacidos que pensan en Galicia e fan algo por ela. Fareivos agora unha pequena historia; non vos desacomgues que vou a ser o mais breve posibel. Fai xa mais de sete lustros que vin pra este país ó que lle teño —foi ga decil-o— un fondo amor porque sempre foi bon pra min e porque é a patria dos meus fillos. Cheguei aquí aló pol-o ano 1910, tiña trece anos e carencia por completo dos mais elementales coñecementos. Confeso que, con un bagaxe tan probe, non tiña a emoción racial que despois fun adquirindo; non tiven outra escola mais que a do traballo; voltei a Galicia, i-ó pouco, sain de novo a pelexinar; fun a Cuba e, d-ali, volvin pra este país. Foi entón, aló pol-o ano 1921, cando escomecei a sentir e comprender a miña condición de galego ó ingresar n-unha entidade das nosas. Facía "versións" en castelán e un bñ galego (Suárez Picallo) díxome: "escribe en galego, rapáz, e poida ser que chegues a facer algo de bñ", e tomei o consello. D-nd-aquela estiven sempre (e de elo estou sastifeito) con irmáns que sentían a imáxen da patria latexar nos seus peitos e traballaban pra ela e por ela. Este é o meu meirande mérito i-é aquel que non quero perder, pra seguir sendo dino de Galicia e de vosoutros que tamen a amades e traballades por e pra ela.

A coleiividade i-as suas institucións foron o meu maestro i-a miña escola e folgaríame muito se puidese decil que fun siquera un desépallo algo aporveitado. Por eso vos dixen denantes que todos merecedes este homáxe e penso que, se a miña modesta laboura ten algún valor, non se me debe somentes a mín, senón a todos os que me fixeron recanto á súa veira e me deron ocasión de prestar axuda á obra común de todos, d-acordo á miña pequena capacidade.

Permitideme agora que diga unhas verbas en castelán pra as persoas que se atopan aquí e que non son galegas, pois non quero que pensen que as esquecín. Despós voltarei a decil algo máis no idioma de mi terra.

Quiero agradecer ahora también con la misma emoción a las personas que se hallan aquí y que no son gallegas, su presencia en este acto, su bondad para conmigo y todo lo que significa el hecho de que se hallen aquí honrándome, en compañía de mis hermanos gallegos. Así, pues, amigos españoles, argentinos, o de donde quiera seáis, os agradezco vuestra presencia, vuestra amistad, y os pido que me sintáis con vosotros espiritualmente y os dignéis recibir este testimonio de mi gratitud fervorosa. Y vuelvo a expresarme en el idioma de mi tierra, para todos.

Quixera decil unhas verbas mais en col d-unha cousa que me parece de grandero intrés pra todos nós, os galegos, e pra ben da nosa patria. A nosa coleiividade, ó rovés do que dicen algunhos que aínda non souperon tomarlle o pulso, ten hoxe unha sensibilidade aquilatada e fonda que lle da outa categoría espiritual e que lle fai ser como antena captadora de to-



D. Manoel Puente, pronun ciando o seu discurso

(Continúa na páx 7)

Homaxe a Pardo de Cela

Co gallo da celebración do de-cradeiro día de Galicia, feito no teatro Arxentino, ficou constituída unha comisión intersocietaria co oxeteto de espallar os outros valores da cultura galega. Mais pra falar da nosa cultura era necesario non esquecer que pra que un povo teña cultura é mester que teña personalidade. Por eso as entidades integrantes da dita comisión, comprendendo este feito, abocáronse decididamente a honrar a memoria d'aqueles herois que, como o Mariscal Pedro Pardo de Cela, perderon a súa vida na loita sagra pra conquistar ou manter a nosa personalidade nacional.

Así é como os centros Lucense, Coruñés, Pontevedrés, Orensano, do Auntamento do Grove, Betanzos, Villamarín Perojano, Irmandade Galega, Federación de Sociedades Gallegas, Hogar Gallego para Ancianos e Sociedades Residentes de Mos, Ribadavia e seu Partido, A. B. C. do Partido de Corcubión e as Agrupacións Unión Gallega, Galicia, A Terra e Celta, resolveron poñer unha placa no Centro Galego, magnificamente realizada polo noso escultor Domingo Mazza. Esta iniciativa atopou o seu merecido apoio nas autoridades do Centro Galego, as que colaboraron entusiastas, invitando a todolos integrantes das derradeiras comisións da institución.

O aito levouse a cabo o día 20, ás 19 horas, no hall do Centro Galego, ca presenza do presidente do Consello de Galiza, doctor Alfonso R. Castelao, o deputado galego e membro do dito Consello, D. Elpidio Villaverde, o presidente da Irmandade Galega de Bós Aires, D. Manuel Puente, o Dr. Basterrechea, delegado do goberno vasco, o noso poeta Avelino Díaz, o Dr. Díaz Trigo, o Dr. Prado, os directores da prensa galega, os presidentes e membros directivos das entidades adheridas, e muitas máis figuras representativas da coledividade.

N-un marco de emotiva fruición patriótica, fixo entrega da placa o Dr. Fiz Fernández, presidente da Comisión Organizadora c-un discurso que se engade a parte. O Sr. Villamarín, presidente do Centro Galego, rematou o aito con breves pero concretas eispresións de galeguismo.

DISCURSO DO Dr. FIZ FERNANDEZ

"Irmáns galegos!:"

Descorrendo o velo histórico e baredendo o fumo dos intréses creados e das mentiras convencionaes, a decapitación do Mariscal Pedro Pardo de Cela, amóstrase pra nós, galegos de todolos sectores e das ideoloxías máis opostas com'un feito que nos cingue preto da bandeira azul e branca, imaxe d'unha terra, reflexo d'un povo, insignia d'unha patria que alborea rajolando seu berro no concerto dos povos ceibes pra decir de novo: Presente.

A Galicia emigrada, aquela que non atopara no berce dos seus antérgos o terreo fertilizante pros seus anceios líricos ou materiais, centíficos ou comerciais comprendeu ben o que significaba unha terra onde o propio é alio e o alio é o dono. E posta no intre de facer xusticia ós seus herois, aqueles homes que facendo espírito da sua carne o ideal da sua patria; ven hoxe eiquí a honrar a figura máis belida e maxestuosa da hestoria da Galiza porque encarnou o seu espírito de independencia, o espírito santo da emancipación no século XV. Século que si ben Otero Pedrayo chama de fermosos caracteres gastados en pequenas loitas, a figura do Mariscal Pardo de Cela amóstrase pra nós com'un grande carácter gastado n'unha grande e santa loita: a liberdade política do Reino de Galiza

Craro está que pra comprender un feito hestórico, é mester coñecer as circunstancias que serviron de marco influindo como causales ou determinantes no mesmo. E Galiza n'ese tempo presentábase como un povo que acababa de amostrarse o mundo com'o precursor das xestas de reivindicación social, plataforma hoxe a cincocentos anos de moitas agrupacións políticas. Fenecía Galiza de levar a cabo a xesta dos irmandiños, loita do povo que nos sinala outro nome, o de Ruy Xordo, o máis xusto dos guerreiros populares da Galiza que cinguido o seu carácter forte, rexo, baril, co do Mariscal Pardo de Cela, sirven de emblema nobilísimo como espellos d'un povo cuos caracteres de personalidade definida nos permiten manter firme a esperanza de ocupar un posto de honor no concerto dos povos donos do seu destino. Pois si ben na primeira parte do século a loita civil enfrenta as duas categorías sociais de povo contr'os señores ou dos escravos contra dos mandós; unha circunstancia de orde xeral que abarca a todolos galegos ven a esmorecer os recores da xornada irmandiña. E ca morte do rei Enrique III de Galiza, IV de Castela, chamado o impotente. Este monarca deixa como herdeiro do seu trono a sua filla doña Xuana; pero o disipado da sua vida privada puxera de mañifcsto algúns defeutos que lle valeron o mote con que pasou a hestoria, decíndose da doña Xuana ser filla dun favorito da corte chamado Beltrán de la Cueva e como tal sendo sinalada pola maledicencia popular e polos aproveitados da situación polo mote de: Beltranexa. A irmán de Enrique, tia sua, Sabela I de Castela erque bandeira de loita pra facerse cargo do trono conquistado o apoio da nobleza. Pero a excelsa señora doña Xuana como a chamaban os seus defensores non estaba soia, sendo Alfonso V rei de Portugal o seu principal sostén.

A nobleza galega como a de Castela quedou dividida sendo o Conde de Camiña e o Mariscal Pardo de Cela os seus máis fideles e valentes defensores hasta que o maxin afervoado da pobre raíña vítima dos múltiples factores psicolóxicos que mellaban constantemente na sua personalidade espiritual, busca saudoso acougo nas malnas soedades d'un convento de Coimbra. E Alfonso sendo xa seu marido fai a paz con Sabela. Certo é que caladamente non deixaba de prestar

axuda no posibel ós rebeldes galegos, pero o principal motivo da loita d'és-tos quedaba sin valor como argumento coa aitude de doña Xuana. O rei no de Galiza, a primeira monarquía orgaizada da península co afinamento n'ela dos suevos que surxira predominante do trono asturián con Ramiro I, en continua loita despóis hasta que vista tanta mostra de persoalidade e demostrada concencia da sua nacionalidade, sempre dispostos a recurrir a calqueira medio pra conquistar os seus anceios, Alfonso III divide o seu reino con tal orentación poñendo na coroa de Galiza ó seu fillo Ordoño II. Volve con este feito Galiza o concerto dos povos autónomos tras longo batallar. Xa o román, xa o suevo, xa o normando, xa o mouro constantemente perante séculos mantiveron azotado o seu solar co botín por ouxetivo; mais a paz soñada aínda estaba lonxe de chegar. A morte de don García, irmán de Ordoño II, iste ocupa conxuntamente co de Galiza o trono de León hasta que á sua morte, Galiza queda nas maus de seu fillo Sancho I, e León nas de Fruela II, irmán de Ordoño, e logo Alfonso IV. N-este xogo de intréses exposto a cobiza dos distintos herdeiros na morte de cada monarca ou na reunión de intréses matrimoniales vai e ven a sorte de Galiza e de León perante un longo tempo hasta que na morte de Bermudo III por non ter herdeiros succédelle a sua irmán doña Sancha, casada con don Fernando I de Castela e a orde real alónxase así cada vez máis de Galiza. Quizavés pola devota protección do monarca castelán á cidad de Santiago ou por comprender o sentimento galego de liberdade e independencia, deixou a sua morte que García II, fillo seu, cinguirá a coroa de Galiza ca categoría de reino independente. Iste monarca incompetente, facilitou a usurpación dos seus dereitos polo seu irmán Sancho de Castela, volvendo así esta a asumir o cetro asturlealeonés. Alfonso VI na época de Xelmírez parece retornar a facer de Galiza unha nacionalidade, pero as mesmas intrigas de sempre van esmorecendo cada vez máis o sono dos distintos períodos da nosa hestoria, a cal é só un ir e vir de reises; de ser e de non ser, pero que sin embargo permitira surxir dos primeiros romances unha fala, fonte da primeira lírica popular hispana espallada



O presidente da Comisión Intersocietaria de Cultura Galega, doctor Fiz Fernández, dicindo o seu discurso. A sua veira o presidente do Centro Galego, señor Xosé Villamarín

pol-os trovadores nas cortes xa estívoran éstas en Galiza, León ou Castela.

Estos elementos de orixe cos céltas e suevos por enxendro; de evolución co idioma galgo por personalidade, e de forte tendencia a autonomía administrativa que xuntos constituíen o trípode básico d'unha forte personalidade política foron entón o estandarte da loita orguida polo Mariscal Pardo de Cela. Por eso engadímoslle en bronco o honrosísimo calificativo

de patriota, pois non foron os mezoquinos intréses de señorío con que ruímente historiadores interesados pretendían amostralo diante dos nosos ollos, sinon a dinidade da sua patria, a patria dos galegos, nosa amada Galiza, o motivo do seu erugemento. Por iso ca sua decapitación cae tamén a vontade de Galiza; i é a liberdade decapitada o símbolo con que xuzgamos mellor eispresada n-este homaxe a tráxica xornada da plaza de Mondonedo.

Perante dous anos o Mariscal presentouse imbatibel ante as forzas que Fernando de Acuña, vicereí, e Luis Mudarra, capitán xeral, por encárrago dos reises católicos enviaban contra d'él hasta que a traición de 22 dos seus servidores da torre da Frouseira permitiron atrapalo xunto co seu fillo no Valdouro. Por iso poñemos a cullebra asomando a sua repulante testa n-este bronco. Pero a inquina dos verdugos non estaría a cuberto de cavilacións quedando en pé o ideal do mártir encarnado no seu fillo, rapaz aínda con 22 anos de vida, cheo de xuventude e que non podría deixar de facer ó seu tempo debida honra á memoria do seu pai. A sua vida tronzada no pleno desenrolo das suas forzas, poñemola n-este homaxe na figura de roble tamén trazado como a sua cabeza.


Así foi como: parodiando a Caballillas e Vilar Ponte...

As costas afundidas, as máns agrilloadas, escaldados os ollos por sanguifentas bágoas, unha corda o pescozo, tembrorosas ás barbas entre locentes enemigas lanzas o Mariscal Pardo de Cela e seu fillo habrán pensado diante da morte que: un día ten vir que a voz da hestoria dirá solemne, fiel e xusticieira onde estubo a falsía e onde a gloria.

Este pequeno lóstrego dos principais elementos que precederon e xustificaron a mañífica aitude do héroe lembrado, hoxe xuzgámolo necesario porque sempre o coñecemento hestórico xustificou os anceios do presente frente do porvir; e nós cobizosos do porvir da nosa terra como bós galegos, non podíamos deixar de cumprir con esta deuda de gratitude, a quen verteu o seu sangue por unha causa que a todos pertence. A sucesión de feitos, ca expatriación voluntaria da nobleza en busca de fortuna contra do musulmán, ou ben por prebendas da corte; a ocupación dos principais postos galegos, xa civís, xa eclesiásticos, por xentes alleas a terra, como medidas complementarias do soxuzgamento militar da rexión iban a ser un gravísimo perxuicio pra sua evolución e progreso constituindo con outras medidas de orde político aínda máis severas, a chamada doma de Galiza por Zurita.

Dende a Frouseira a nós, o desgarleguizamento da nosa patria faille

(Continúa na pág 7)



A praca fixada no pórtico do Centro Galego

Honores e Tratamento da Xunta do Reino de Galiza

No número derradeiro publicamos a forma de constituírse a mencionada xunta e agora vamos a eispoñer os honores e tratamento que recibía. Tanto unha cousa como a outra tomámola do libro de Pablo Pérez Costantín, titulado "Notas Galicianas".

Sen dúbida un motivo baladí ou un anxeo innovador, induxo en 1775 ao Comandante xeneral interino de Galiza, mariscal de campo, D. Félix Oneille, a intentar a supresión de certos honores que se rendían á xunta do dito reino, cada vez que se constituía para deliberar a resolver asuntos de súa incumbencia.

Ante a controversia promovida pola estrana actitude do xefe militar da rexión, e desexando o Monarca coñecer canto sobor do particular atopábase establecido, encomendou un informe ao Marqués de Casa Tremañes, que había exercido o cárrago de Capitán xeneral de Galiza, quen o emiteu nos seguintes termos:

"Para satisfacer a orden de V. M. que con fecha 11 de decembro del año próximo pasado se me comunicó por Vro. Secretario D. Joseph Portugués, sobre que informe el origen de los honores y tratamientos correspondientes al Reino de Galicia quando se junta en alguna de sus siete capitales, he procurado tomar las más exactas noticias y conocimientos posibles a fin de enterar a V. M. en el particular; y encuentro que la Ia. Monarquía que se ha conocido en España, ha sido la de los Suebos en aquel Reino, y en el mismo, la Ia. Corona que abrazó el Catolicismo: Que aquella se ha continuado en diversas testas coronadas, antes y después de los Sarracenos: Que en memoria o de la herejía que se estirpó en un concilio que feneció en la ciudad de Lugo contra la existencia de Jesucristo en el SSmo. Sacramento de el Altar o del privilegio que únicamente conservó entre todas

las Iglesias de España en una época tan lastimosa, lo mantiene expuesto día y noche; y así el expresado Reino tiene por su blasón y armas, el Cáliz con una Hostia: Que quando la invasión de los Mahometanos, ha sido el receptáculo de lo más florido de la sangre goda, lo que hace conocer la institución de la orden de la Banda, en que los más eran caballeros gallegos y la Grandeza que tiene su origen en él, y aún hoy conservan algunas casas fundadas por Reyes godos y suebos, poseyendo además diversos Regimientos (o regidtoratos) en sus siete ciudades.

Que en los tiempos más calamitosos ha manifestado siempre aquel Reino a V. M. una ciega obediencia y constante fidelidad, sosteniendo su poder y autoridad real con Ejércitos, Armadas y dinero contra los enemigos sediciosos y rebeldes: Que en prueba de su antigüedad, nobleza, valor y distinguidos servicios, no sólo conserva Maza y Corona por timbre en su escudo, sino que cada una de sus siete ciudades, como cabeza de Provincia, usa de Solio y Dosei: Que el Rey D. Fernando 4to. de León y 3o. de Castilla en el año 1298 tomó a Gibraltar, y en esta guerra le sirvieron con la mayor lealtad y valor, hasta 4.000 gallegos precedidos de 4 jefes caballeros particulares de la misma nación; de manera que agradecido el Rey de sus servicios, les dió el nombre de fidelísimos y escribió una carta al Reino tratándolo de "muy altos señores e muy honrados y lustres gallegos", cuya carta se asegura estaba original en el Monasterio de Santa María de Acebeiro, de la Orden Cisterciense, en el Arzobispado de Santiago, y su copia la refiere la Historia Compostelana: Que D. Enrique 3o., hijo de Juan el 1o. (a quien llamaban el Doliente por sus in-

disposiciones) en el año 1392 convocó a los Nobles de Galicia para la guerra de Portugal, que concluyó felizmente con su auxilio; y en una carta escrita desde Madrid con fecha del mismo año al Reino, convocado para este fin en la ciudad de Tuy, le da el tratamiento de "muy alto e muy valeroso", cuya copia subsiste, con otros documentos antiguos que contribuyen al mismo intento, en el archivo de aquella Catedral: Que D. Enrique 4o., hijo de D. Juan el 2o., por los años 1458, volvió a llamar al mismo Reino de Galicia en su auxilio contra el Arzobispo de Toledo que formaba partido contrario y se dieron a batalla junto a Olmedo; a ella concurrieron los gallegos mandados por un tal Ares de Mososo, ascendiente de los Condes de Altamira y pelearon al lado de su Rey sin desampararle, en cuyo testimonio les apellidó "muy nobles y distinguidos hijos del muy noble y muy fiel Reino de Galicia", cuya noticia trae Sandoval en las Anécdotas y Adiciones a la Historia de Carlos 5o.

Que los Reyes Católicos D. Fernando y Da. Isabel en la combocatoria para la guerra de Granada, en el año de 1490, contestan a el Reino entero de Galicia, junto para este fin en la ciudad de Orense, con el tratamiento de "muy noble, muy fiel y muy esforzados caballeros", los cuales les siguieron y contribuyeron con sus vidas y haciendas en la conquista de aquel Reino, repartiéndoles varias tierras, especialmente a los jefes de los tercios de tropa que con los apellidos de Moscosos, Saavedras, Vázquez, Tobares, Davilas, Ulloas, Casales, Monterrosos y Montenegro, se establecieron en aquellos países, dexando largas descendencias. Esta combocatoria se asegura subsiste en el Real Monasterio de Celanova, Orden de San Bernardo, Dió-

cesis de Orense.

Que Carlos 5o. de Alemania y 1o. de España, en el año de 1519, ordenó que se diese al Monarca el tratamiento de Magestad, pues antes no tenían más que el de Alteza, y con este distinguió a las Cortes grandes del Reino y a las que tuvo en la Coruña el de Galicia por los años de 1532: Que Phelipe 2o., que estuvo en aquella ciudad, aunque de paso a Flandes, distinguió a aquel Reino con el tratamiento de "muy alto Señor", por los años de 1568: Que su hijo Phelipe 3o., en el año de 1614, con el motivo de la concesión del servicio extraordinario, trató al Reino, junto en la Coruña, y al año siguiente en Santiago, de "muy ilustre, muy fiel y muy valeroso Reino de Galicia: Que Phelipe 4o., por los años de 1662, continuando el mismo honor y tratamiento a aquel Reino, mandó que estando junto, se le hiciesen honores correspondientes a Infante de España, pero no los de Teniente General, pues esta graduación no era por aquel tiempo conocida en España; y aunque se asegura que por cierto que la Cédula pasó entonces al Gobernador Capitán General de aquel Reino, que lo era a la sazón el Arzobispo de Santiago, D. Pedro Carrillo de Acuña, no ay noticia de ella en la Capitanía General, pero se asegura ay copia en el Archivo de la Dignidad Arzobispal.

Que en el año de 1680, reinando el Sr. D. Carlos 2o., siendo asimismo Capitán General del propio Reino, el Arzobispo D. Andrés Girón, hubo otra junta de Cortes en Santiago; y en su Palacio Arzobispal, sabiendo formado el Reino de las Casas Consistoriales que están en la Plaza del Campo, y al tránsito, se le hicieron los honores por la tropa de tercios españoles que avía al tiempo en ella, de que todavía parece ai tradición y memoria: Que en

el año de 1701, reinando el Sr. D. Phelipe 5o. hubo otra Junta de Reino en la Coruña, que presidió el Principe de Barbanzón, Capitán General al tiempo, para el juramento de fidelidad, y por sus actas constan varias cartas donde se da al Reino tratamiento de "Excelencia"; y que habiendo salido formado de las Casas Consistoriales, con 4 mazeros con sus vestiduras e insignias, delante de estos, D. Antonio Santillana, Maestre de Campo, persona de la mayor graduación después del Capitán General en lo militar, siguiendo toda la gente y personas ilustres, eclesiásticos, políticos y militares, se encaminaron a la Plaza de Palacio, donde estaba el Capitán de Infantería de aquel presidio, D. Bernardino Zamora y Quesada, con su compañía en ala, y el Alférez Mateo Pastor, el que habiendo llegado el Reino a la parte donde estaba y detenidos hasta que enarbó la Bandera, le hizo con ella tres cortesías, prosiguiendo en dha. conformidad hasta Palacio; y desde este tiempo en todas las Juntas que se han seguido por sexenios para la nueva concesión del servicio de Millones, se han continuado los que oy se practican con el mismo tratamiento, sin la menor novedad, hasta la presente controversia con el Comandante General interino, D. Félix Oneille.

Me ha parecido oportuno hacer a V. M. esta difusa narración de los hechos y prerrogativas memorables de el Reino de Galicia desde tan largos tiempos, por las noticias que he podido adquirir, pues, aunque como Capitán General de aquel Reino, he residido en él y reconocido la Secretaría de la Capitanía General, sólo se encuentra en ella sobre este asunto, la orden que cita el Reino en su representación, expedida por V. M. en el año de 1770, en la interinidad del Conde de Croix, que también representó, solicitando la Real aprobación para si se debían continuar los honores que se hacen al Reino, por no haber declaración formal, y V. M. se sirvió mandar no se innovase (1): Para que enterado V. M. se sirva resolver lo que sea de su mejor agrado con arreglo a la instancia del Reino. Madrid, 9 de Febrero de 1776. — El Marqués de Casa Tremañes". (2).

Apesares de habérese mandado pola transcrita Real Orden de 1770 e por outra de Setembro de 1775, "que no se innovase", en canto a rendición de honores militares á Xunta do Reino de Galiza, negábase Oneille a dárle garda de honor no edificio en que se congregaba para as súas deliberacións. Erguida nova representación ao Monarca, poido ser estimada e recaen favorable resolución, coa vista do informe do Marqués de Casa Tremañes, quen ao emitilo, non tivo en conta o título de *Fidelísimo Reino*, dado ao de Galiza por Felipe V no seu "Real Despacho" aprobando as Constitucións da Congregación Nacional de Santiago; a súa data é do 2 de Outubro de 1742. (3).

Até que se distinguen a Xunta do Reino, xa moi entrado o século XIX, signíronsele otorgando honores militares. Ostentaba entón (cal se ve nas actas de 1833), os títulos de *Excelentísimo y Fidelísimo, Muy Noble y Leal Reino de Galicia*.

(1) A Real Orde datada no Pardo a 10 de Xaneiro de 1770, e comunicada ao Capitán Xeneral de Galiza Conde de Croix, aí así: "En carta de diez y ocho de Noviembre próximo pasado da cuenta V. Señoría de lo ocurrido sobre honores a ese Reino, representado por los Diputados que embiaron a esa ciudad los demás de él, con motivo de la prorrogación por otro sexenio, del servicio de millones y solicita V. S. saber si es la Real voluntad que se sigan, deroguen o limiten, por no constar de Real determinación que los haya concedido, ni declaración que los confirme. — Enterado el Rey de todo, se ha servido aprobar lo dispuesto por V. S. en este caso y ha resuelto, para lo sucesivo, que no se innove en los honores en que está en posesión un Reino tan fiel, tan valeroso y tan obediente, pasando la correspondiente noticia a los que representen el Reino". (Arquivo municipal de Sant. Jago. Libro rotulado: *Junta del Reino de Galicia*: 1769. 1ª parte; fol. 501).

(2) Arquivo municipal de Sant. Jago: Libro de Consistorios de 1776: fol. 54.

(3) Véxase a monografía: *La ciudad de Santiago en 1733*.

Agasallo Cordial a Avelino Díaz

(Ven da páx 5)

das as inqueñanzas que no seu seo se producen e aínda as que nacen ó lonxe, xa seian de entidades ou de persoas que sinten a patriótica preocupación pol-as cousas de Galicia, pol-os seus valores espirituales i-ternos, pol-o seu melloramento e por un mais dino vivir do noso pobo. Hoxe na nosa coleitividade o que soborsale é o espírito fondamente galego o que mais afineadamente remarca a nosa condición de xentes que renden culto ás virtudes da raza i-ós seus valores inmorrediros, tales como o idioma a literatura, as artes, a historia i-as demais cousas que forman o patrimonio espiritual de Galicia; o patrimonio espiritual, sin o cal non hai pobo que teña verdadeira xerarquía.

Temos, aquí en Bós Aires, unha grande cantidade de escritores, poetas, artistas, pintores, escultores, músicos i-até homes de ciencia coñecedores de todas as disciplinas, ós que hai que axudar, cos que hai que solidarizarse, cos que hai que tratar e convivir de xeito fraterno, ós que hai que estimular pra que sigan dando prestixio á nosa terra e desenrolando a súa laboura de maneira que renda os frutos porveitosos que de ela se poden agardar, sin temor a que as esperanzas se vexan fallidas. Que as persoas que teñen outras actividades distintas non se amostren indiferentes ou insensíbles, nin se manteñan alonxados d-aqueles e lles empresten, sempre que poidan, a axuda i-o estímulo percisos pra que sigan desenrolando esa obra espiritual de cultura que nos da prestixio a todos e que fai que hoxe seamos considerados como unha das coleitividades extranxeiras mais merescentes de respecto e de comprensión.

As nosas institucións i-as persoas que poden, farán moi ben se sinten preocupación pol-a obra dos homes que, d-un xeito ou d-outro, enriquecen o noso acervo cultural e lle ofrecen a Galicia a súa emoción, traducida no fruto do espírito, pra que o poidan gustar os homes de hoxe i-os do mañá e deante seia porveitoso pra sueromar o bon nome de Galicia e dos gallegos. Os escritores, os poetas, os artistas, os músicos, os pintores, os es-

cultores i-ós homes de ciencia que programan, coa súa obra, a condición de bos fillos de Galicia, que pensan, sinten e traballan como galegos, merecen que se lles teña en conta. Hai que buscar o xeito de que os seus traballos vexan a luz, que a súa obra se divulgue, que se espalle e chegue ao coñecemento das nosas xentes e das extrañas. Mais, de paso, tamen conven decir que eles deben achegarse ó que eu chamarei *pobo*, ás nosas xentes, e ofrecerlles con fraterna devoción os frutos do seu intelito e sobortado, darlles eixemplos de patriótica galeguidade, no periódico, no libro, no verso, na canción, na partitura, no cadro, na escultura, i-en todo aquilo que poidan ofrecer como divina colleita do espírito galego. A cousa que mellor pode xungrirnos a todos é o amor ás nosas tradicións i-ó desexo de facer pervivir canto de bon hai na nosa alma racial.

As nosas entidades, que cumpriron e compren, maníficas labours, poden facer aínda muito mais. As nosas entidades poden facer muito, no senso de axudar á cultura galega, con pouco sacrificio.

Botarei a voar unha idea, que non é miña. E' do doutor Lois Seoane e parece-me moi boa. Ehi vai. Se cada unha das nosas sociedades, en cada Pic-Nic, ou festa, que fai, recargase o direito de entrada coa súa suma de dez centavos, pra protexer á cultura galega, seguramente se poderia chegar a formar un grandeiro fondo que fose administrado por persoas de responsabilidade, se fose común de todas, ou ben por cada unha, se decididas facer, de por sí, unha obra benéfica pra o fin devandito. ¿Canto ben non se poderia facer con esa pequena contribución? Editar un libro, unha partitura musical, un ensaio, un traballo sobre Galicia (aínda que seia en idioma castelán), adquirir un cuadro, ou unha escultura, d-un artista noso, pra unha axuda ós homes que se adican a investigacións de orden científico, reproducir libros da nosa historia que xa están esgotados e tantas outras cousas. Ehi queda a idea que, como dixen, é do doutor Lois Seoane. ¿Queiran as fadas benfeitoras que al-

gun día se poida decir que se fixo algo d-eso, aínda que seia pouco.

Pol-o que a min respecta, aínda que non me creio nin poeta nin escritor, prométovos que, se vivo, pr-o ano que ven darei á estampa outro libro de versos galegos de eixaltación patriótica. E penso, tamen, que os nosos poetas de aquí, os xa consagrados, como poetas do sentimento galego, darán, cada un d-eles, motivo pra que a vosa xenerosidade lles ofrende un agasallo cordial. ¿Deus queira que así seia! ¿Deus queira que o ano 1948 nos depare a sorte de ver unhos cantos libros galegos publicados, pois temos d-abonda xente con capacidade pra facel-os!

¡Meus irmáns e meus amigos! Vou a dar remate a estas miñas verbas pro, non quero facel-o sin denantes xuravros que este aito, eo que me honrorades, compromete a miña gratitudo pra mentres eu viva e xuravros que endexamais deixarei de facer canto poida pra ben da nosa patria, pra facerme dino de chamarme seu fillo e pra corresponder a esta vosa bondade, de que me quedará sempre unha afervonda lembranza na mente i-un emocionado sentimento d-amor no corazón; d-amor e de gratitudo pra Irmandade Galega que orgaizou este agasallo e pra todos vós que viñestes a él.

A Irmandade Galega é, pra min, como un anaco da Galicia eterna e recibo este homaxe d-ela como se fora unha aperta da terra nai. Quixera eu ser un bon fillo e, no adiante, farei canto me seia posibel pra merecer ese nome. D-este xeito penso que pagarei unha parte da deuda que hoxe contraín con vosco e coa patria. Porque vós sodes uns fillos dileutos d-ela, porque non me agasallástedes a min pereisamente, senón ó espírito patriótico que, anque probementé, está persente na intención da miña humilde obra.

¡Sede sempre coa patria galega! Que ela seia sempre con todos nós e vos recompense a vosoutros canto ben me facedes a min, sin merescel-o. ¡Irmáns! Sentídemel con vosco na fraternidade da patria e do ideial. No amor á Galicia eterna!

HOMAXE A PARDO DE CELA

(Ven da páx 6)

perder persoalidade, carecendo a súa historia de feitos do valor anterior, aferrollada o poder central, empobrecida e degradada. Un feito ven a lembrar as suas glorias ca revolta de 1846, pero Carral é o novo Mondoñe, do onde a vontade de Galiza é encarnada no grorioso pero tamén tristeiro significado de mártires.

Señores representantes do Centro Galego, eiqú, n-esta casa, a casa de Galiza emigrada e xunto o recordo dos mártires de Carral, en nome das entidades orgaizadoras poño na vosa custodia a eispresión de gratitudo con que a coleitividade galega de Bós Aires deixa testimoniado o seu recoñecemento o prototipo dos seus mártires: O Mariscal Pedro Pardo de Cella".

VERBAS DO Sr. XOSE VILLAMARIN

"¡Señores!: Como Presidente de la Honorable Junta Directiva del Centro Gallego de Buenos Aires, me es muy honorable constituírme en custodia de la placa que en nuestro vestíbulo, iluminado por el glorioso recuerdo de Rosalía de Castro, ha de grabar con la perpetuidad del bronce el culto de esta casa a la memoria del patriota gallego Mariscal Pardo de Cella.

Sería ocioso, que después de la magistral semblanza que de Pardo de Cella acaba de trazar tan elocuentemente el doctor Fiz Fernández, que yo abundara en sus ciertos conceptos. Es justo eso sí, proclamarlo, la evidencia de que este acto ha sido promovido por la noble pasión exaltadora de nuestros eternos valores que ha sido poderoso motor en el entusiasmo de la Comisión organizadora de este acto tan conmovedor por su sencillez y patriotismo.

Iniciará mi gestión presidencial, recibiendo el bronce que hablará del inmortal Mariscal Pardo de Cella, en esta bendita tierra a las presentes, y a las futuras generaciones, constituye una legítima satisfacción que con orgullo siento y proclamo.

Mis compañeros de Directiva, encendidos como yo en la emoción de recibir esta placa, alientan al Centro Gallego al honrar a memoria sagrada del insigne Mariscal Pardo de Cella.

Nada más".

Déspotas insensatos,
Forzá, forzádo guñios;
Pode opriñir o ferro,
Un corpo enfraquecido,
Mais as nobres líñas,
E gloriosos instintos...
Eles... non pode, ven o
(duro ferro,
Nin a morte, castigaréi!
Eduardo RONDAI.

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO
Central B
FRANQUEO PAGADO
Concesión No. 2982
TARIFA REDUCIDA
Concesión No. 2727

Año XXX

★ BÓs AIRES, DECEMBRO DE 1947

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 45

VERBA DO HEROI

(Anaco do poema inédito "Xuntanza")

Seguidamente, dixo Pardo de Cela:
"Eu quixen a Galicia con libertade
e, por ela loitaba, contra Sabela
que domear quería na nosa herdade
pra facernos escravos da súa Castela

"Eu quixen a Galicia con libertade
e, por ela loitaba, contra Sabela".

"Namentras tiven folgos non vivín quedo,
decote me mantiven na rexa loita;
d-estranhos invasores non tiven medo,
mais, logo, por treidores, tiven a coita
de que m-asesinasen en Mondañedo".

"D-aqueles invasores non tiven medo,
decote me mantiven na rexa loita".

"As miñas armas foron sempre temidas,
o pendón de Galicia mantín ergueito;
pol-as hostes galegas, sempre vencidas
as hostes de Castela foron a oito
e de diant-á Frouseira vin-as fuxidas".

"As miñas armas foron sempre temidas,
eu defendín a patria i-ó noso dereito".

"Soupen ser un galego de xerarquía
aínda, sendo ponla do feudalismo,
a concencia galega qu-en mín vivía
facíame nemigo do imperialismo
qu-en Galicia Castela sentar quería".

"Soupen ser un galego de xerarquía
aínda sendo broto do feudalismo".

"De señor e galego meu don conservo;
se xa cheguei á vida con sino d-amo
non debía, por certo, facerme servo
nin de reises foráneos ouvir reclamo
que fose pra desmedro do noso acervo".

"Non debía, por certo, facerme servo
nin de reises foráneos ouvir reclamo".

"Porque tiña cobdicia da miña herencia
tamén a Irexa tivo súa militancia;

(a Irexa non ten patria nin ten concencia)
e, com-aquel Mudarra que veu de Francia,
tamén foi enemiga da independencia".

"Contra Galicia tivo súa militancia
pra poder adonarse da miña herencia".

"D-entón somos escravos d-aquela Hespaña
que nos quer tan somentes por egoísmo
e nos leva por forcia na súa compañía:
¡Hai que crebar os fios da tea d-araña
facendo porveitoso redentorismo!"

"¡Non convén ós galegos ir con Hespaña
namentras que nos queira por egoísmo!"

"Sabela foi xestora do imperialismo,
Castela coutadora das libertades,
i-ó mesmo que n-aquelas, n-estas edades
nós somos os escravos do centralismo
que nos dona somentes calamidades".

"¡Castela, coutadora das libertades,
nosas ansias afoga co despotismo!"

"¡Non acougedes nunca, na loita ou xeira,
en tanto non logredes ver convertido
cada fogar galego n-unha Frouseira
na que noso nemigo sexa vencido,
na que framée ó vento nosa bandeira!"

"¡Cada fogar galego n-unha Frouseira
debe, pol-os galegos, ser convertido!"

"Sei que nos vosos peitos rexo latexa,
cal no meu latexaba, na miña idade,
un deseio de loita. ¡Feros loitade
pra quesa nosa patria ceibe se vexa,
pra que teña Galicia súa libertade!"

"Pra que o povo galego ceibe se vexa
en santa i-amorosa fraternidade...!"

(O calar Pedro Pardo, berrou rexo un irmán:
"¡Desperta do teu sono, fogar de Breogán!")

AVELINO DIAZ

Bós Aires, 1947.

Os Nossos Valores

Na longa ringleira de galegos
que verteron seu esforzo e saber
no alborear épico da conquista e
colonia americana, atopo hoxe un
merescido homaxe da Biblioteca
Nacional ó irmán da Compañía de
Xesús: Pedro de Montenegro, con-
sistente na reimpresión feita no
1945 co título de *Materia Médica
Misionera dos seus traballos na en-
tón provincia do Paraguay. No dito
traballo ponse en evidencia a súa
laboura científica e meticulosa so-
bor das propiedades curativas da
flora americana. As referencias do
investigador Arata de catro ma-
nuscritos: un anónimo datado en
San Angel (Paraguay) 3 de maio
1790; outro que figura como autor
de P. Asperger de 1872 propiedade
de Don Juan María Gutiérrez; ou-
tro de Juan José Montes de Oca,
título "Plantas de Misiones", de
autor anónimo; e por último o de
Montenegro, poñen ben craro que
os tres primeiros son unha copia
máis ou menos servil do traballo
do noso compatriota. Como se ve
na súa época debeu ser tido entón
por un home de recoñecidos méri-
tos científicos.*

A fortuna sempre esquivava cos nos-
sos valores non nos aporta muitas
señas da biografía do irmán Mon-
tenegro, sabéndose somentes, como
di Raúl Quintana no limiar da re-
impresión, que era fillo da "dulce
terra de Galicia", onde era nado
no 1663. Adicouse á medicina pra-
ticando no Hospital Xeral de Ma-
dríd, pasando logo a América, fin-
cando no Paraguay. A súa presenza
n-estas terras atópase na "Des-
cripción corográfica del gran Cha-
co Gualumbá", obra do P. Lozano,
quen expresa d-él "ser eminente
cirujano y herbolario de esta nues-
tra provincia del Paraguay y tuvo
increíble acierto en la medicina".
Despós, no ano 1705, según cer-
tificado do capitán de coraceiros,
Andrés Gómez de la Quintana, foi
"como cirujano para curar heri-
das", na expedición de 4.000 in-
dios guaraníes enviados pol-os xe-
suítas en socorro da Colonia do Sa-
cramento por entón sitiada.

Quero con isto significar ós meus
compatriotas un nome máis dun
médico galego que fai xa dous e
medio séculos facía honor n-estas
terras á nosa aldraxada Galiza.

Cantares

*Dame de beber riveiro,
ribeiro de Rivadavia.
Dame de beber ribeiro,
ribeiro da tua labia.*

*Donde hai piñeiros hai piñas
donde hai piñas hai piñóns,
donde hai amores hai celos,
donde hai celos hai pasións.*

*Heime de casar cun vello
soamente para rir,
i-eille de poñer a cama
donde non poida subir.*

*Casáime, meus pais, casáime,
namentras son rapariga,
que o millo sachado tarde,
non da pendón nin espiga.*

*Somos os de Areas, somos,
pequeniños como ratos.
O que se meta con nós
leva piñas e sopapos.*

*No convento de Canedo
hai vintacinco escaleiras,
por unha van as casadas,
por outra van as solteiras.*

O seu manuscrito orixinal en-
cuadrado en pergamino, con 460
follas, atópase co No. 94 da sección
Reservados da Biblioteca Nacional
de Bós Aires.

FIZ FERNANDEZ

O Eixito D-un Irmán

Antón Fernández Pérez é un
bó galego que está afincado na
provincia de Mendoza dendes fai
uns poucos anos e, como bon ga-
lego, é tamén un irmandiño que
se xungue n-aquel fato de dileu-
tos irmáns que na cidade andi-
nina fan unha nobre laboura ga-
leguista teimando sempre soer-
guer o nome sagro da nosa Ter-
ra.

Este irmandiño é, ademáis, un
notabel esquisitor e poeta que xa
ten colleitado n-este país unhos
cantos loureiros, ben merescidos
por certo, por traballos poéticos
i-en prosa es cales lle teñen vali-
do xa unha sona de que ben po-
demos toparnos satisfeitos todos
os galegos que sentimos arelan-
zas e pensamos no ben da nosa
patria e nos seus eternos valores
espirituales.

No concurso literario da "Aso-
ciación Interamericana de Es-
critores", este noso irmán reci-
beu o primeiro premio pol-a súa
novela tidoada "Don Rosendo de
Amaran", que consistiu en me-
dalla d-ouro e diploma, o cal lle
foi doado en aito público reaiz-
zado n-esta capital no "Círculo
de la Prensa" pol-a entidade de-
nantes nomeada, o día 28 de No-
vembro do ano derradeiro. Ade-
máis, o xurado fixo moi eloxio-
sas consideracións sobor dos va-
lores literarios da devandita
obra do noso irmán, deixando
constancia de que se trata d-un
traballo feito con outa maes-
tranza.

Por outra parte, Antón Fernán-
dez Pérez, xa tivo a satis-
facción de verse agasallado e
premiado na cidade de Mendo-

za por outros traballos literarios
dos que é autor e, derradeira-
mente, o "Ateneo de Mendoza"
editoulle un libro de poemas, en
galego e castelán, libro que aca-
bamos de recibir e do que, den-
tro de pouco, teremos de ocu-
parnos coa atención de que é me-
rescente.

O irmán Fernández Pérez que
é da provincia de Ourense, veu
pr-aquí, como tantos outros, bo-
tado pol-os ventos da traxedia
que enloitou á nosa terra i-a
Hespaña toda, pro non se es-
quencou de que é galego i-esco-
menzou axiña a traballar pol-a
causa do galeguismo, pol-a causa
patriótica. Na "Irmandade", de
Mendoza, é un dos que precuran
sempre facer o máis que poden
a prol da Galicia, sempre ama-
da, como fan todos "os bós e xe-
nerosos".

E un home xoven que ten un-
ha outa cultura da que compre
agardar froitos d-abondos, pois,
n-él xúnguense todos os fautores
d-unha outa xerarquía literaria,
que xa non é unha promesa, se-
nón realidade.

Nós sentímonos satisfeitos cos
trunfos d-este noso irmán, ó que
institucións de tanto prestixio e
valemto cultural, como son o
"Ateneo de Mendoza" i-a "Aso-
ciación Interamericana de Es-
critores" lle deron os ben me-
rescidos premios i-os agasallos
espirituales que se gardan pr-os
escolleitos.

E dámoslle a nosa embora ó
irmán Fernández Pérez, i-ó saur-
dal-o agarimosamente, facémolo
co noso berro sagro: ¡Terra a
Nosa!

Pol-o bó Camiño

UN ACERTO DA NOVA COMISION DO CENTRO GALEGO

CON moito pracer temos de tributar un aprauso as novas
autoridás do Centro Galego. Elo motivao o acerto que
tiveron ao compor a Comisión de Cultura para o aital
exercicio.

Reitificando a trabucada norma das derradeiras auto-
ridás que viñeron rexindo a nosa máis importante istitu-
ción, a nova Comisión Directiva, que preside o señor Xosé
Villamarín, non embargantes haberse abtido, —coma o
fixeran sen sentilo as anteriores—, de faguer alarde de
galeguismo e republicanismo, na campaña eleitoral, tivo
a patriótica inspiración de elixir a homes de recoñecida
líña galeguista e republicán, pra integrar a Comisión de
Cultura. Con desapasionamente e outas miras buscaron
no noso campo a homes de afervoado, reuto, limpo e
persistente amor a cultura galega.

Esí é como, a pesares de militar en opostos campos
ideolóxicos i en agrupacións opostas a que trunfou nas
derradeiras eleccións, elixiron pra formar a Comisión de
Cultura aos nosos irmáns galeguistas señores Pedro Cam-
pos Couceiro, Avelino Díaz e Rodolfo Prada, e ademáis
a homes tan achegados ao galeguismo e bós republicáns
coma os señores Manuel Silva, Eduardo Blanco Amor,
Xoan Longueira e Federico Ribas.

Ogallá teñamos o pracer de apraudir moitas vegadas
acertos coma éste e tamén coma o do patrocinio prestado
a fixación da praca en homaxe a noso héroi nazonal
Pardo de Cela, aito no cal o presidente do Centro, señor
Villamarín, pronunciou unhas verbas de fondo patriotis-
mo galego.